Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU)

## I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

   De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

   Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

   A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU) aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.

4. O GDR 11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU) remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa a aprobación, segundo o cadro achegado:

<table>
<tr><td>Data aprobación xunta directiva</td><td colspan="2">Data remisión Agader, nº rexistro</td></tr>
<tr><td rowspan="2">05/07/2023</td><td>10/07/2023</td><td>2023/2019230</td></tr>
<tr><td>10/03/2025</td><td>2025/673371</td></tr>
</table>

## II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

### 1.Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de



CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño.

8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

## 2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

## 3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento constátase que:

-A entidade colaboradora GDR 11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU) na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU) conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e



CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

selección dos proxectos que conten coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 11 Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU)que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027



**EPÍGRAFE “H” e “I”**

adercou GDR 11

ASOCIACIÓN de DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# APARTADOS H e I

## Contido

Índice de táboas................................................................................................ 2

Consideracións previas........................................................................................ 3

*H. Obxectivos*

H.1. Obxectivos xerais......................................................................................... 10

H.2. Obxectivos específicos.................................................................................. 11

H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos............ 12

*I. Plan de acción*

I.1 Plan de xestión.............................................................................................. 18

I.2. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación........................................... 34

I.3. Proxectos e accións específicas con impacto significativo.................................. 39

I.4. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo...................................... 42

I.5. Plan de formación do GDR.............................................................................. 47

I.6. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades.................. 57

I.7. Planificación temporal..................................................................................... 68

I.8. Normas de xestión e baremo........................................................................... 69

I.9. Plan Financeiro............................................................................................... 94

I.10. Plan de seguimento e avaliación.....................................................................95

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia .............................. 11

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia ..................... 12

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos ....14

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación ............................ 36

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo ...........................41

Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.. 47

Táboa 7.Plan de formación .........................................................................................56

Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede ....................................................... 66

Táboa 9.Planificación temporal dos proxectos e actividades .......................................70

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## *Consideracións previas*

O regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, no seu Título III destina o Capítulo II ao desenvolvemento local participativo. Dita normativa define os posibles apoios financeiros, fixa o contido das estratexias de desenvolvemento local e a súa selección, establece as tarefas e condicións dos grupos de desenvolvemento rural como entidades encargadas de concibir e levar á práctica as estratexias, e finalmente, determina os posibles tipos de axuda, etc..

O desenvolvemento local participativo é o instrumento de política territorial que consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, organizadas en asociacións público-privadas, que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus propios recursos.

No mesmo, consolídase que a formulación do desenvolvemento local participativo, denominado «Leader» no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ou calquera outro instrumento territorial de apoio a iniciativas deseñadas polos Estados membros, debe basearse nas estratexias de desenvolvemento territorial e local.

Conforme o artigo 2 do regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (regulamento PEPAC), establécese que o Desenvolvemento Local Participativo aplicarase á axuda financiada polo FEADER. Concretamente regúlase a través do artigo 77 que ordena a concesión de axudas á cooperación nas que se inclúen a preparación e execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo definidas conforme ao regulamento 2021/1060.

Conforme ao indicado, é esencial que os grupos de acción local, que representan os intereses das comunidades locais, encárguense do deseño e a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo. Con todo, as estratexias territoriais deben desenvolverse e apoiarse baixo a responsabilidade das autoridades ou organismos pertinentes, sendo as mesmas as encargadas da súa selección. Por tanto, a autoridade de xestión ou órgano que conteña as competencias neste ámbito, no caso actual a Agader, definirá os criterios de selección das devanditas estratexias.

Este instrumento, por tanto, continúa e profunda nunha nova etapa as experiencias das súas antecesoras Leader I (1989-1993), Leader II (1994-1999), Leader PLUS (2000-2006), enfoque Leader (2007-2013) e Leader (2014-2020).

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo recolle o Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local.

A proposta de Estratexia de desenvolvemento local do **GDR ADERCOU** presenta os apartados **H-OBXECTIVOS** e **I-PLAN DE ACCIÓN** co contido que se indica a continuación:

## OBXECTIVOS

A partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, defínense os obxectivos que se pretenden acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico.

## PLAN DE ACCIÓN

Como resultado final, descríbese un plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Identificación das **liñas estratéxicas e propostas de actuación** para a consecución dos obxectivos definidos no punto anterior.
- Identificación de **proxectos que terán un impacto significativo** nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación, identificando novos servizos, produtos e intervencións necesarios para o desenvolvemento local.
- Programación das **actuacións propias de animación** para realizar polo grupo.
- **Plan de formación** cunha planificación dos cursos, na que conste o diagnóstico do mercado laboral do territorio, a identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas e os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.
- **Plan de cooperación con outros GDR e entidades**, onde se identifiquen as sinerxías con outros grupos ou territorios e as fórmulas de colaboración futuras mediante proxectos de cooperación ou novas formas de colaboración e accións concretas para desenvolver.
- **Normas para a xestión** da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables.
- **Plan financeiro** do gasto público previsto.
- **Plan de Seguimento.**

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027



**EPÍGRAFE "H"**

GDR 11

adercou

ASOCIACIÓN de DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# EPÍGRAFE H. OBXECTIVOS

O Desenvolvemento Local Participativo é o instrumento de política territorial que responde o reto principal de conseguir un desenvolvemento equilibrado, utilizando os principios metodolóxicos Leader. O método Leader consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como os Grupos de desenvolvemento rural, elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus recursos. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan e débese traducir nun aumento da gobernanza local.

A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio pon en liza esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os obxectivos que o territorio se propoña para rachar cos desequilibrios propios do territorio rural.

Para elo, e sempre tendo en conta as principais directrices europeas, os GDR deben de delimitar cales son os seu principais obstáculos e cales son a apostas estratéxicas para solventar os mesmos, sempre tendo en conta que o que e pretende en todo caso é:

- Fomentar a creación de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, e forestal, así como o apoio a PEMES noutras actividades en apoio á diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible.
- Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Para o establecemento dos obxectivos que se definen deseguido, tívose en conta de xeito preferente a análise socioeconómica realizada na fase previa a redacción desta epígrafe (Epígrafe B) xunto coas conclusión extraídas no proceso participativo relacionado no Epígrafe A.

Esta fase de definición estratéxica dou como consecuencia unha DAFO que se relaciona a continuación e cuxo resultados son os que, ben para potenciar os seus valores positivos ou para corrixir os desequilibrios provintes dos seus valores negativos, se ten en conta a hora de xustificar cada obxectivos xeral ou específico.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## DAFO

| | Debilidades | | Ameazas |
|---|---|---|---|
| **1** | A DISPERSIÓN TERRITORIAL E A SÚA CONSECUENCIA, O ENCARECEMENTO, E POLO TANTO DIFICULTADE, DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á CONCELLOS DE REDUCIDO ORZAMENTO | 1 | A CAPACIDADE DE CAPTACIÓN DA XENTE XOVEN POLA CIDADE DE OURENSE PARA O SECTOR SERVIZOS. REDUCE POTENCIAL DE EMPRENDEMENTO. |
| **2** | PROBLEMAS DE DEGRADACIÓN DO TERRITORIO ABANDONADO DEBIDO A DESASTRES MEDIOAMBIENTAIS (CONTAMINACIÓN FLUVIAL, MONTE QUEIMADO, ETC..) DERIVADOS DO MESMO | 2 | A CAPACIDADE DE CAPTACIÓN DE MAN DE OBRA CUALIFICADA (NA SÚA MAIORÍA) POR PARTE DAS EMPRESAS INSTALADAS NOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS. |
| **3** | DEBIL DESPREGUE DA FIBRA ÓPTICA NOS CONCELLOS RURAIS | 3 | MELLOR OFERTA TIC DAS ÁREAS URBANAS EN DETRIMENTO DA BAIXA IMPLANTACIÓN DA FIBRA ÓPTICA NO RURAL |
| **4** | A FORTALEZA DOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS DE ALTA CAPACIDADE FREAN O ASENTAMENTO DE EMPRESAS NAS ÁREAS RURAIS | 4 | AUMENTO DA DEGRADACIÓN TERRITORIAL DERIVADA DO ABANDONO DA PRODUCIÓN PRIMARIA E A CONSERVACIÓN DO MEDIO |
| **5** | A PROXIMIDADE Á CIDADE DE OURENSE REDUCE A NECESIDADE DE TER SERVIZOS NA ÁREAS MAIS RURAIS | 5 | DIFICULTADES Á HORA DE FACER COMPATIBLES AS ACTIVIDADES AFECTAS Á TERRA (AGRICULTURA-GANDARÍA) COA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL EN ÁREAS NATURAIS DE INTERESE (RIBEIRA SACRA) |
| **6** | O BAIXO IMPACTO ECONÓMICO DO SECTOR AGRÍCOLA-GANDEIRO, TANTO NO RELATIVO AOS ELEMENTOS DE PRODUCIÓN COMO NA CAPACIDADE DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS MESMOS. NULA EXISTENCIA DE INDUSTRIA AGROLAIMENTARIA | 6 | A NULA EXISTENCIA DE INDUSTRIA AGROALIMENTARIA DEIXA AO TERRITORIO SEN O VALOR ENGADIDO QUE PODEN ACHEGAR OS PRODUTOS DE CALIDADE DO TERRITORIO |
| **7** | BAIXO NÚMERO DE EMPRESA DE MEDIANO TAMAÑO VINCULADAS A TERRITORIOS NON SUXEITOS AOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS DE ALTA CAPACIDADE | 7 | POUCA COORDINACIÓN SUPRETERRITORIAL NO REFRENTE Á EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS (NON COORDINACIÓN NO PSTD DE TERMALISMO, NA |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | DECELARCIÓN DE PATRIMONIO DA HUMANIDADE DA RIBEIRA SACRA) |
| **8** | O BAIXO NÚMERO DE SERVIZOS TURÍSTICOS (PRINCIPALMENTE A HOSTALERÍA E A CAPACIDADE HOTELEIRA_Nº DE CAMAS) NOS CONCELLOS RURAIS DO TERRITORIO, INCLUSO AQUELES AFECTOS A UN PUNTO DE INTERESE TURÍSTICO MUNDIAL COMO É A RIBEIRA SACRA | 8 | A MELLOR OFERTA HOSTALEIRA E HOTELEIRA DE ESPAZOS PRÓXIMOS AO TERRITORIO QUE DIMINUEN A INCIDENCIA DE VISITANTES E TURISTAS NO TERRITORIO |
| **9** | A NON EXISTENCIA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTERCOMARCAL REDUCE A MOBILIDADE SOSTIBLE ENTRE A VECIÑANZA | | |
| **12** | O SALDO MIGRATORIO DA POBOACIÓN MÁIS XOVEN CARA A CIDADE DE OURENSE DIFICULTA AS POLÍTICAS DE ASENTAMENTO POBOACIONAL E FAVORECE O ABANDONO DO TERRITORIO RURAL (VINCULADO COA DEBILIDADE 2) | | |
| **11** | O ENVELLECEMENTO DA POBOACIÓN NA ÁREAS MÁIS RURAIS REDUCE A POBOACIÓN POTENCIAL CON CAPACIDADE DE EMPRENDER | | |

| **Fortalezas** | | **Oportunidades** | |
|---|---|---|---|
| **1** | A PROXIMIDADE Á CIDADE DE OURENSE POSIBILITA TER PRETO A CENTRAL ADMINISTRATIVA DA PROVINCIA | 1 | A RELACIÓN DO TERRITORIO CO ENTORNO NATURAL. POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL COMO CENTRO DE INTERESE PARA VISITANTES E TURISTAS. |
| **2** | A PROXIMIDADE Á CIDADE DE OURENSE POSIBILITA O ACCESO A SERVIZOS BÁSICOS E DE OCIO ALONXADOS DAS POSIBILIDADES DOS ENTORNOS MÁIS RURAIS | 2 | A TRAMITACIÓN E "FUTURA" DECLARACIÓN DA RIBEIRA SACRA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE |
| **3** | A SITUACIÓN ESTRÁTEXICA TERRITORIAL VINCULADA A TRES ATRACTIVOS TURÍSTICOS | 3 | DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO (ENOGASTRONOMÍA, NATUREZA, CULTURA, TERMAL) |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | RELACIONADOS CO ENTORNO TERRITORIAL: A RIBEIRA SACRA, O TERMALISMO E O ENOTURISMO VINCULADO ÁS D.O. RIBEIRA SACRA E O RIBEIRO | | |
| **4** | ELEVADO NÚMERO DE RECURSOS NATURAIS CON CAPACIDADE DE CONVERTERSE EN PUNTOS DE INTERESE DESTINADOS AO FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA | 4 | POTENCIACIÓN DO TERRITORIO COMO DESTINO DE CAZA E PESCA ASOCIADA Á RECUPERACIÓN DOS ENTORNOS APTOS PARA ELO |
| **5** | ELEVADO NÚMERO DE RECURSOS PATRIMONIAIS CON CAPACIDADE DE CONVERTERSE EN PUNTOS DE INTERESE DESTINADOS AO FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA | 5 | A DEMANDA DE CONSUMO DE PRODUTOS DE CALIDADE(CASTAÑA E VIÑO DE XEITO PRINCIPAL) EXISTENTE NA ACTUALIDADE |
| **6** | BOA ESTRUTURA DE SERVIZOS SOCIAIS Á POBOACIÓN (CONCILIACIÓN), SI BEN A MESMA ESTÁ EXCESIVAMENTE VINCULADA A SERVIZOS MUNICIPAIS | 6 | A EXISTENCIA DE SOLO CON CAPACIDADE PARA ACOLLER INDUSTRIA (PRINCIPALMENTE A RELACIONADA COA INDUSTRIA AGROALIMENTARIA) NOS ENTORNOS MÁIS RURAIS |
| **7** | FORTALEZA DOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS DE ALTA CAPACIDADE E POSTA EN VALOR DUN DELES (SAN CIBRAO) ESPECIALIZADO COMO PARQUE TECNOLÓXICO | 7 | A BOA CONEXIÓN CO TERRITORIO COS CENTROS EDUCATIVOS DE FP E COA UNIVERSIDADE (UVI) PARA VERTEBRAR E XERAR ELEMENTOS INNOVADORES EN MATERIA ECONÓMICA |
| **8** | BO CAPITAL DA TERRA EN FORMA DE FERTILIDADE CON CAPACIDADE DE PRODUCIÓN PARA PRODUTOS DE CALIDADE (CASTAÑA, VIÑO, PEMENTO, HORTA, ETC…) | 8 | O NICHO DE MERCADO PARA A INICIATIVA PRIVADA NOS SERVIZOS DE PRESTACIÓN A DEPENDENTES E DE CONCILIACIÓN |
| **9** | PRESENZA DE EMPRESAS TRACTORAS VINCULADAS Á PRODUCIÓN E TRANSFORMACIÓN AGRARIA (PRINCIPALMENTE COREN) | 9 | OS FONDOS NextGeneration ORIENTADOS Á POTENCIACIÓN DAS ÁREAS RURAIS |
| **10** | GRAN CAPITAL NA INDUSTRIA DA MADEIRA DEBIDO AO POTENCIAL FORESTAL EXISTENTE TENDO EN CONTA A SUPERFICIE DE ARBORADO DO TERRITORIO | 10 | A CERCANIA ÁS ÁREAS COMERCIAIS DO RESTO DO ESTADO A TRAVÉS DAS CANLES DE COMUNICACIÓN POR ESTRADA E FERROVIARIAS (AVE) |
| **11** | COMUNICACIÓNS CON ÁREAS PROPIAS PARA A RECEPCIÓN DE | | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | VISITANTES E A XESTIÓN DO COMERCIO. DESTACAR A COMUNICACIÓN POR ESTRADA COA MESETA A TRAVÉS DA A-52. | | |

### *H.1. Obxectivos xerais*

*Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia*

| Orde | Obxectivos xerais | Liña estratéxica da U.E. 2023-2027 | Xustificación no marco da estratexia (Relación coa DAFO) |
|---|---|---|---|
| **1º** | Desenvolvemento económico e mellora da competitividade | Emprego<br>Innovación | **DEBILIDADES**: D3; D4; D7; D8; D11<br>**AMENAZAS:** A1; A2; A3; A7; A8<br>**FORTALEZAS:** A3; A7; A9; A10; A11<br>**OPORTUNIDADES**: O2; O3; 04; O6; O7; 09; O10 |
| **2º** | Aplicación da estratexia europea "DA GRANXA A MESA" e "Km.0" | Emprego<br>Innovación<br>Cambio climático<br>Loita contra a pobreza | **DEBILIDADES**: D6;<br>**AMENAZAS:** A6;<br>**FORTALEZAS**: A8;<br>**OPORTUNIDADES**:O5 |
| **3º** | Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico) | Emprego<br>Cambio climático<br>Educación | **DEBILIDADES**: D2; D10;<br>**AMENAZAS:** A4; A5;<br>**FORTALEZAS:** A4; A5;<br>**OPORTUNIDADES:** O1; |
| **4º** | Servicios básicos asistenciais | Emprego | **DEBILIDADES**: D1; D5; D9;<br>**AMENAZAS:** NON DETECTADA<br>**FORTALEZAS:** A1; A2; A6;<br>**OPORTUNIDADES:** 08; |
| **5º** | Responsabilidade social | Emprego<br>Cambio climático<br>Loita contra a pobreza<br>Educación | Trátase dunha medida de responsabilidade transversal que afecta á filosofía de aplicación da estratexia e non a variables concretas do territorio. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### *H.2. Obxectivos específicos*

*Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia*

| Orde | Obxectivos específicos | Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula |
|---|---|---|
| **1º** | 1.1 Fomento da creación de empresas no rural.<br>1.2. Axudar á modernización e ampliación de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade.<br>1.2 Fomentar o autoemprego.<br>1.3 Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades.<br>1.4 Creación e potenciación da oferta de servizos turísticos (hostalaría, restauración, turismo activo, servizos complementarios)<br>1.5 Emprego das ferramentas dixitais como medio para a creación a modernización empresarial. | **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE** |
| **2º** | 2.1 Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.<br>2.2 Respaldar programas de comercialización de produtos Km0.<br>2.3 Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo.<br>2.4 Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.<br>2.5 Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias.<br>2.6 Potenciar a creación de empresas de transformación agroalimentaria.<br>2.7 Fomentar a actividade agraria principal e complementaria | **APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA A MESA"-km.0** |
| **3º** | 3.1 Revalorizar e conservar o patrimonio natural, cultural e patrimonial.<br>3.2 Apostar por accións de mellora do medio ambiente<br>3.3 Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural,...)<br>3.4 Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza | **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL e ETNOGRÁFICO)** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| **4º** | 4.1 Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes.<br>4.2 Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...)<br>4.3 Promover servizos básicos inexistentes para a atención á poboación rural<br>4.4 Mellorar os servizos de transporte adaptado.<br>4.5 Activar proxectos de servizos sanitarios (clínicas, centros asistenciais, servizos móbiles como fisioterapia) e de conciliación<br>4.6. Adecuación núcleos rurais para facilitar a implantación de centros comunitarios | **SERVICIOS BÁSICOS ASISTENCIAIS** |
| **5º** | 5.1 Axudar á redución da brecha salarial<br>5.2 Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos.<br>5.3 Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos).<br>5.4 Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino.<br>5.5 Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga | **RESPONSABILIDADE SOCIAL** |

### *H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos*

*Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos*

| **Obxectivos xerais** | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Obxectivo** | **Indicador** | **Unidade de medida** |
| **OX1** | **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE** | **Indicador 1:** Nº de actividades/operacións subvencionadas<br>**Indicador 2:** Axuda total destinada<br>**Indicador 3:** Investimento inducido<br>**Indicador 4:** Empregos consolidados<br>**Indicador 5:** Empregos creados | **I1**: 21<br>**I2**: 650.000 €<br>**I3:** 1.050.000 €<br>**I4:** 68<br>**I5:**15 |
| **OX2** | **APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA** | **Indicador 1:** Nº de actividades/operacións subvencionadas | **I1**: 12<br>**I2**: 240.000 €<br>**I3:** 630.000 € |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | "DA GRANXA Á MESA"- Produtos km.0 | **Indicador 2:** Axuda total destinada<br>**Indicador 3:** Investimento inducido<br>**Indicador 4:** Empregos consolidados<br>**Indicador 5:** Empregos creados | **I4:** 21<br>**I5:** 6 |
| **OX3** | **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)** | **Indicador 1:** Nº de actividades/operacións subvencionadas<br>**Indicador 2:** Axuda total destinada<br>**Indicador 3:** Investimento inducido<br>**Indicador 4:** Empregos consolidados<br>**Indicador 5:** Empregos creados | **I1**: 9<br>**I2**: 205.000 €<br>**I3:** 465.000 €<br>**I4:** 10<br>**I5:** 3 |
| **OX4** | **SERVICIOS BÁSICOS ASISTENCIAIS** | **Indicador 1:** Nº de actividades/operaciónss subvencionadas<br>**Indicador 2:** Axuda total destinada<br>**Indicador 3:** Investimento inducido<br>**Indicador 4:** Empregos consolidados<br>**Indicador 5:** Empregos creados | **I1**: 6<br>**I2**: 395.000 €<br>**I3:** 805.000 €<br>**I4:** 6<br>**I5:** 3 |
| **OX5** | **RESPONSABILIDADE SOCIAL** | **Indicador 1:** Nº de actividades/operacións subvencionadas<br>**Indicador 2:** Axuda total destinada<br>**Indicador 3:** Investimento inducido<br>**Indicador 4:** Empregos consolidados<br>**Indicador 5:** Empregos creados | **I1**: 3<br>**I2**: 165.000 €<br>**I3:** 295.000 €<br>**I4:** 4<br>**I5:** 2 |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| Obxectivos específicos | |
|---|---|
| **OE1** | 1.1 Fomento da creación de empresas no rural.<br>1.2. Axudar á modernización e ampliación de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade.<br>1.2 Fomentar o autoemprego.<br>1.3 Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades.<br>1.4 Creación e potenciación da oferta de servizos turísticos (hostalaría, restauración, turismo activo, servizos complementarios).<br>1.5 Emprego das ferramentas dixitais como medio para a creación da modernización empresarial. |
| | **INDICADORES ESPECÍFICOS** |
| | Nº de emprendedores asesorados |
| | Nº de empresas acollidas a un Plan de Transformación Dixital |
| | Nº de empresas que empregan a IA/Nº de empresas que fomentan teletraballo |
| | Nº de autoempregos creados/consolidados |
| | |
| **OE2** | 2.1 Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.<br>2.2 Respaldar programas de comercialización de produtos Km0.<br>2.3 Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo.<br>2.4 Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.<br>2.5 Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias.<br>2.6 Potenciar a creación de empresas de transformación agroalimentaria.<br>2.7 Fomentar a actividade agraria principal e complementaria |
| | **INDICADORES ESPECÍFICOS** |
| | Mellora da renda agraria |
| | Aumento do número de mercados de proximidade |
| | Aumento do número de explotacións en ecolóxico |
| | Aumento da produción de produtos locais |
| | Aumento da comercialización (nacional e internacional) de produtos locais |
| | Mellora dos datos de venda da IXP e DO |
| | |
| **OE3** | 3.1 Revalorizar e conservar o patrimonio natural, cultural e patrimonial.<br>3.2 Apostar por accións de mellora do medio ambiente.<br>3.3 Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural,...)<br>3.4 Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza. |
| | **INDICADORES ESPECÍFICOS** |
| | Número de elementos patrimoniais catalogados |
| | Número de elementos patrimoniais rehabilitados |
| | Hectáreas de área naturais en actuacións Leader |
| | |
| **OE4** | 4.1 Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes.<br>4.2 Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...). |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | 4.3 Promover servizos básicos inexistentes para a atención a poboación rural.<br>4.4 Mellorar os servizos de transporte adaptado.<br>4.5 Activar proxectos de servizos sanitarios (clínicas, centros asistenciais, servizos móbiles como fisioterapia) e de conciliación.<br>4.6. Adecuación núcleos rurais para facilitar a implantación de centros comunitarios |
| | **INDICADORES ESPECÍFICOS** |
| | Número de familias beneficiarias |
| | Número de persoas (colectivos de atención) beneficiarios |
| | Número de beneficiarios do servizo |
| | Número de dependentes atendidos |
| | |
| **OE5** | 5.1 Axudar á redución da brecha salarial.<br>5.2 Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos.<br>5.3 Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos).<br>5.4 Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino.<br>5.5 Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga. |
| | **INDICADORES ESPECÍFICOS** |
| | Redución dos datos de brecha salarial no territorio |
| | Nº de empregos de colectivos desfavorecidos(mulleres, parados de longa duración, maiores de 55, mulleres, etc..) |
| | Nº de vítimas de violencia de xénero |
| | Puntos de recarga de vehículos eléctricos instalados no territorio |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027



EPÍGRAFE “I”

GDR 11

adercou

ASOCIACIÓN de DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## EPÍGRAFE I. PLAN DE ACCIÓN

A continuación descríbense as medidas que se propoñen para executar a Estratexia de Desenvolvemento Local a través das cales se destinarán ás axudas do FEADER para a execución de que integrarán a Estratexia de Desenvolvemento Local (EDL), no marco do que establece a Resolución e, no que resulta aplicable, o Plan Estratéxico Nacional e os Regulamentos comunitarios de aplicación. O Plan Estratéxico Nacional sinala que as operacións deberán estar en consonancia co establecido no Regulamento de 01/06/2018 e contribuír aos obxectivos establecidos na estratexia do GDR.

Estas medidas diríxense á consecución dos obxectivos da Estratexia:

| ORDEN | LÍNEA ESTRATÉXICA |
|---|---|
| **1** | **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE** |
| **2** | **APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA Á MESA"-KM.0** |
| **3** | **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)** |
| **4** | **SERVIZOS BÁSICOS ASISTENCIAIS** |
| **5** | **RESPONSABILIDADE SOCIAL** |

En base a isto e segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste apartado descríbese o plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Plan de xestión
- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación cunha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## *I.1.Plan de Xestión*

O Grupo de Desenvolvemento Rural ADERCOU ten regulado en base aos seus estatutos e normas de funcionamento a súa gobernanza e xestión interna, que se define deseguido no referente as súas competencias e a súa análise funcional.

- **Composición**

-A asociación ADERCOU estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

-A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión.

- **Adquisición da condición de asociado**

-Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente no que manifeste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acorde do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

-Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

-Cando unha entidade solicite a entrada na asociación deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

-A presidencia trasladará a solicitude á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

-Non adquiren a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa asociación.

- **Perda da condición de asociado**

A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente.

b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das abrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.

c) Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.

d) Se non está ao día das cotas establecidas.

e) Facúltase á Xunta directiva para aquelas Asociacións que deben figurar obrigatoriamente como membros do GDR e non existindo ningunha como asociado, poderá incorporarse a unha asociación pertencente a unha das mesas obrigatorias, previa petición por escrito á Xunta Directiva na que se compromete ás obrigas establecidas para os demais membros da Xunta Directiva e condonarlle o pago da cota anual.

- **Dereitos dos asociados**

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.

b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.

c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.

d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

e) Participar nas actividades da asociación.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

f) Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.
g) Impugnar os acordes dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

- **Obrigas dos asociados**

Son obrigas dos asociados:
a) Satisfacer unha cota de entrada/anual de 20 euros ás asociacións privadas e de 1000 euros ás entidades públicas. Dependendo do estado da tesourería a asemblea poderá modificalas.
b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordes validamente adoptados polos órganos sociais.
c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexa encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimizade manifesta.
F) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

- **Órganos da asociación**

Os órganos colexiados da asociación son, a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, as Mesas Sectoriais e con carácter potestativo por decisión da Xunta Directiva, un Comité Executivo.

Os órganos unipersoais son: o Presidente ou Presidenta, o Secretario ou Secretaria e o Tesoureiro ou Tesoureira. Poderán existir, ademais dos anteriores, un ou varios Vicepresidentes ou Vicepresidentas, un ou varios Vicesecretarios ou Vicesecretarias e un ou varios Vicetesoureiros ou Vicetesoureiras. De

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

existir máis dun Vicepresidente/a, Vicesecretario/a ou Vicetesoureiro/a, todos deberán ter unha orde numérica indicando a súa prelación en caso de ser necesaria a súa actuación. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de 4 anos e poden ser reelixidos dúas veces máis.

- **Asemblea xeral: composición e funcións**

-A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados, a través dos seus representantes.

-A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.

b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.

e) Solicitude de declaración de utilidade pública.

d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.

e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado de calquera deles.

f) Decidir sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.

g) Constitución de federacións ou integración nelas.

h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento.

A Asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC.

i) Aprobación do Regulamento de Réxime Interior.

j) Aprobación e modificación dos Estatutos Sociais.

k) Disolución da asociación.

l) Disposición ou alleamento de bens.

- **Asemblea Xeral: convocatorias**

- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

realizaraa o Presidente con quince días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

- A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa, por acordo da Xunta Directiva ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 33%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un Presidente e un Secretario.

- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasados 10 minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cun mínimo dun 25% de asociados. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o Secretario co visto e prace do Presidente.

- **Asemblea Xeral: adopción de acordos**

- Cada asociado terá dereito a un voto.

- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.
Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12

- Os acordes adoptados abrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordes acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario co visto e prace do Presidente.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Xunta directiva: composición**

- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

- A Xunta Directiva da asociación estará formada polos asociados, a través dos seus representantes, elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acorde coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada un deles.

- A Xunta Directiva constará de 21 membros. En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representados cada un dos colectivos cuxa presencia é obrigatoria na mesma cun órgano decisorio similar sempre que sexan socios do GDR e desexen formar parte dela. O número de representantes do sector privado será sempre superior ao do sector público. Todos os concellos pertencentes ao Grupo de Desenvolvemento Rural ADERCOU que o soliciten poderán ter o seu representante na Xunta Directiva, coa limitación de que sempre se cumpra que o número de representantes de entidades privadas sexa superior.

- Se se constituíu unha Comisión Xestora formada polos representantes máis avalados en cada Mesa Sectorial e cumpre os criterios sinalados no punto 3 deste artigo, poderá presentarse como candidata en bloque á Xunta Directiva da Asociación ADERCOU. Este bloque incluirá, polo menos, entre os seus candidatos á totalidade dos xa citados representantes saídos por avais das Mesas Sectoriais.

- As candidaturas que se presenten á Xunta Directiva deberán cumprir cos criterios xa sinalados no punto 3 deste artigo, e conter ademais representantes avalados para todas as Mesas Sectoriais e en conxunto un mínimo do 25% dos avais presentados.

- Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción cunha baixa na asociación da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen por acorde da Asemblea Xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente. Cando a causa de cesamento afecta exclusivamente ao representante da asociación e

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

non á propia asociación, esta poderá nomear un novo representante na Xunta Directiva.

- As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse cos asociados que elixa a Asemblea Xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

- Ningunha entidade poderá outorgar máis dun aval, nin participar en máis dunha candidatura á Xunta Directiva.

- **Xunta Directiva: funcións**

A Xunta Directiva é o órgano competente para:

a) Executar os acordes da Asemblea Xeral.

b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.

c) Propoñer e conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.

d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento das fins estatutarias e, en xeral, para a boa marcha da asociación.

e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.

f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no Regulamento de Réxime Interno, de habelo.

g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.

h) Elaborar o Regulamento de Réxime Interno.

i) A admisión e separación de asociados.

j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

k) Acordar as convocatorias das Asembleas Xerais Extraordinarias.

l) Propostas de novas asociados.

m) Asistencia ás reunións, e de obrigado cumprimento acatar o procedemento establecido por AGADER para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR, que debe axuntarse a cada expediente, cunha declaración expresa asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto. Calquera

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

- **Xunta Directiva: convocatoria e adopción de acordos**

- A Xunta Directiva reunirase en calquera momento mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada dun mínimo de cinco membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasados 10 minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cando concorra un mínimo dun 25% dos membros. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos. Ademais, nas reunións da Xunta Directiva ou do órgano decisorio similar poderá participar, con voz pero sen voto, unha persoa técnica en Desenvolvemento rural designada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente. Cada membro presente só poderá ter un voto delegado.

- No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto propio e como máximo outro delegado, cumprindo o sinalado no punto anterior.

- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

- **Presidente ou Presidenta**

O Presidente ou Presidenta ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co Tesoureiro/a.

c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario/a, especialmente se teñen o carácter de certificacións.

d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.

e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.

f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.

h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.

i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

j) Asinar documentos de pago e facer operacións de crédito con acordo previo da Xunta Directiva.

k) Representación da entidade ante fedatarios públicos.

- **Vicepresidente ou Vicepresidenta**

O Vicepresidente ou Vicepresidenta, en ausencia do Presidente/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Se existisen máis dun Vicepresidente/a, estes actuarán por substitución de acordo coas indicacións ou encomendas do Presidente/a. De non existir encomenda explícita os Vicepresidentes/as actuarán segundo a prelación que se lles asigna de acordo á orde numérica do seu nomeamento.

- **Secretario ou Secretaria**

Ao Secretario ou Secretaria correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.

b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.

c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) Redactar e anotar nos libros correspondentes ás actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e do Comité Executivo, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do Presidente.

e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.

f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente.

g) Redactar a memoria anual da asociación.

h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno

De existir Vicesecretario ou Vicesecretaria, en ausencia do Secretario/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Se existisen máis dun Vicesecretario/a, estes actuarán de acordo coas indicacións ou encomendas do Secretario/a. De non existir encomenda explícita os Vicesecretarios/as actuarán segundo a prelación que se lles asigna de acordo á orde numérica do seu nomeamento.

- **Tesoureiro ou Tesoureira**

Ao Tesoureiro ou Tesoureira correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.

b) Efectuar os pagamentos acordados polo Presidente/a.

e) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.

d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.

e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.

f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

De existir Vicetesoureiro ou Vicetesoureira, en ausencia do Tesoureiro/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Se existisen máis dun Vicetesoureiro/a, estes actuarán de acordo coas indicacións ou encomendas do Tesoureiro/a. De non existir encomenda explícita os Vicetesoureiros/as actuarán segundo a prelación que se lles asigna de acordo á orde numérica do seu nomeamento.

- **Comité Executivo**

Se por razóns de eficacia a Xunta Directiva, por maioría de dous terzos, considérao conveniente poderá crear un Comité Executivo cumprindo os requisitos técnicos establecidos.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As funcións do Comité Executivo serán as que lle sexan delegadas pola Xunta Directiva.

Exercerá como Presidente/a do Comité Executivo o Presidente/a da Xunta Directiva e o mesmo sucederá cos restantes cargos electos. Reunirase en calquera momento mediante convocatoria do Presidente/a, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

- **Proceder para evitar conflicto de intereses**

Tal e como se identifica nos estatutos da Asociación determinase o seguinte procedemento:

1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. Se non asinar dito documento será causa de exclusión automática da Xunta Directiva, dando conta na seguinte Asemblea. Crearase unha lista de posibles membros que substituirá á persoa saínte (segundo sexa mesa de mulleres, mozos, empresarios, etc).
3. Se un membro da Xunta Directiva e Persoal co promotor do proxecto, ou calquera interesa profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interesa profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente.
   Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
4. Se un membro do comité da Xunta Directiva ou do persoal da asociación se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto.
   Esta circunstancia documentarase nas actas.
5. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro da Xunta Directiva ou do persoal, a Asociación deberá remitir á entidade encargada da xestión do programa ou axuda para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.
6. Estas normas refírense exclusivamente á xestión das axudas nas que a asociación actúe como entidades colaboradora da Administración para a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **DESCRICIÓN DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO ADSCRITO Á XESTIÓN DA ESTRATEXIA.**

- **Persoal adscrito á estratexia.**

  A ADR ADERCOU, considera que o equipo técnico debe estar composto como mínimo por dúas persoas: un xerente e un administrativo para poder executar correctamente e cumprir cós obxectivos perseguidos no Programa Leader de Galicia 2023-2027.

  Con todo, isto non é excluínte de que en función do volume de proxectos que se executen e o orzamento co que se conte, en momentos puntuais se necesite mais persoal técnico o que se determinará en función das necesidades do proxecto en concreto.

- **Descrición dos postos e requisitos.**

  **Perfil 1: "XERENCIA"**

  <u>Titulación requirida mínima:</u>

  - Enxeñería técnica ou titulación universitaria media.

  <u>Experiencia:</u>

  - Ter experiencia en anteriores programa de Leader de Desenvolvemento rural (Leader, Leader II, Leader +, Leader de Galicia 2007-2013).
  - Ter experiencia en proxectos de cooperación interterritorial e transnacional.
  - Ter experiencia noutros proxectos europeos.
  - Publicacións.
  - Valorarase positivamente na táboa de méritos que a titulación estea relacionada co sector agrícola ademais de formación complementaria e específica no desenvolvemento rural.

  <u>Funcións a realizar:</u>

  - Consecución dos obxectivos marcada polos órganos de decisión do GDR para levar a cabo os programas de desenvolvemento rural.
  - Colaborar coas estruturas de desenvolvemento das Administracións Locais, Autonómicas, Estatais e se é o caso, comunitarias. Elaboración de contidos para a documentación divulgativa do programa.
  - Informacións e empresas.
  - Preparación e participación en reunións informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa.
  - Preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Asesoramento en relación ás necesidades de financiamento en proxectos empresariais no marco do proxecto Leader.
- Tramitación das axudas concedidas ao Leader.
- Elaboración dos impresos oficiais correspondentes de tramitación dos proxectos Leader.
- Preparar as memorias dos proxectos presentados ao Leader.
- Realización de estudos e plans de viabilidade sobre as iniciativas e proxectos vinculados ao Programa Leader.
- Confeccionar, antes de cada exercicio económico o anteproxecto de orzamentos de ingresos e gastos, en función da execución do Programa Leader e os programa complementarios a este, para a súa valoración pola Xunta Directiva.
- Memoria de xestión económica e das actividades realizadas ao longo do ano polo GDR, no Programa Leader.
- Rexistro contable das operacións da asociación.
- Elaboración de peches contables.
- Elaboración e rexistro dos libros contables da asociación.
- Control da execución e desenvolvemento das iniciativas, cumprimento dos prazos, control de incidencias.
- Revisión "in situ" do seguimento dos proxectos.
- Coordinar os diferentes procesos nos que participe a Asociación e/ou os encomendados pola Presidencia o pola Xunta Directiva da Asociación para o desenvolvemento dos programas de desenvolvemento rural.
- Asesoramento en relación ás necesidades de financiamento en proxectos empresariais, enmarcados na execución do Programa Leader.
- Impulsar a execución de proxectos e actuacións aprobadas dentro do Programa Leader e dos programas complementarios a este.
- Impulsar o desenvolvemento de accións relativas á execución de proxectos europeos que a Asociación teña en marcha, sempre que sexan complementarios ao Leader.
- Calquera outra tarefa, que dentro do ámbito do Programa Leader e das súas competencias, lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva o pola Presidencia do GDR.
- Información e asesoramento técnico a persoas emprendedoras e empresas.
- Animación para o nacemento de iniciativas e proxectos enmarcados no Programa Leader.
- Dinamización de colectivos para a posta en marcha de proxectos en común.
- Colaborar na elaboración dos contidos para a documentación divulgativa do programa.
- Información aos promotores de axudas alternativas ou complementarias ao programa.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Asistencia a xornadas de formación e información relacionadas coa execución dos programas.
- Traballo coordinado cos órganos de participación establecidos polo GDR para a poboación do territorio.
- Apoio á estrutura operativa do Programa.
- Preparación e participación en reunión informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa.
- Preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.
- Sensibilización e dinamización de promotores para a formulación de proxectos innovadores.
- Desenvolvemento e participación nos proxectos de cooperación promovidos o nos que participe o GDR no ámbito Leader ou complementarios ao mesmo.
- Asistencia ás reunións de traballo no marco dos proxectos de cooperación.
- Organización, participación e asistencia a feiras de promoción.
- Preparación das visitas e atención a grupos que acudan ao territorio a coñecer proxectos ou experiencias, no marco do Proxecto Leader ou complementarios.
- Intercambios de experiencias con outros membros ou participantes noutros programas de desenvolvemento no ámbito da UE.
- Asesoramento técnico a promotores para a formulación idónea dos proxectos.
- Asistencia a xornadas, seminarios ou congresos necesarios para o desenvolvemento do programa en relación coa súa tarefa de traballo.
- Calquera outra función encomendada polo Presidente ou a Xunta Directiva da Asociación, en relación aos programas de desenvolvemento (Leader e complementarios).

<u>Requisitos mínimos:</u>

- Ser español e/ou natural dun Estado membro da Unión Europea o dalgún Estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados en España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos 18 anos e non chegar a idade de xubilación.
- Enxeñería técnica ou titulación media universitaria expedida polo Centro Oficial debidamente recoñecido.
- Non desenvolver cargos electos na ADR.
- Estar en posesión do permiso de conducir B1 e dispor de vehículo propio para realizar desprazamentos.
- Non padecer enfermidade ou secuela física que lle impida desenvolver as correspondentes funcións.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Coñecemento acreditado da lingua galega mediante o curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos título de Bacharelato e COU, sen estar exento de materia de lingua galega nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia, ou CELGA 4.

**Perfil: "ADMINISTRACIÓN"**

Titulación mínima requirida:

- FP1 ou equivalente.

Experiencia:

- Ter experiencia en anteriores programas de desenvolvemento Rural Leader.
- Experiencia demostrable como administrativo en empresas.
- Ter experiencia noutros proxectos europeos.
- Experiencia en proxectos de cooperación.

Funcións a realizar:

- Apoio á estrutura operativa do Programa. Apoio á estrutura operativa do Programa.
- Apoio á xerencia nas tarefas que sexan necesarias.
- Rexistro e arquivo de documentación.
- Rexistro contable das operacións da asociación.
- Asistencia a xornadas, seminarios ou congresos necesarios para o desenvolvemento do programa en relación coa súa tarefa de traballo.
- Apoio na organización, participación e asistencia a feiras de promoción.
- Apoio na preparación das visitas e atención a grupos que acudan Apoio na preparación das visitas e atención a grupos que acudan ao territorio a coñecer proxectos o experiencias, no marco do Proxecto Leader ou complementarios.
- Apoio á xerencia na elaboración de documentación dos Proxectos Leader.
- Apoio á preparación e participación nas reunións informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa.
- Apoio á preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.
- Calquera outra función encomendada polo Presidente ou a Xunta Directiva da Asociación, en relación aos programas de desenvolvemento (Leader e complementarios).

Requisitos mínimos:

- Ser español e/o natural dun Estado membro da Unión Europea o dalgún Estado no que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos 18 anos e non chegar a idade de xubilación.
- Titulación requirida: FPI ou equivalente.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Estar en posesión do permiso de conducir B1 e dispor de vehículo propio para realizar desprazamentos.

- Non padecer enfermidade ou secuela física que lle impida desenvolver as correspondentes funcións.

- Coñecemento acreditado da lingua galega mediante o curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos títulos de bacharelato e COU, sen estar exento de materia de lingua galega nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia, ou CELGA 4.

- Coñecemento acreditado en competencias en informática, estar en posesión da Certificación galega e competencias dixitais en informática.

- Coñecemento acreditado en competencias en informática, estar en posesión da Certificación galega e competencias dixitais en informática.

Tal e como se dixo anteriormente no caso de necesidade poderase contratar un técnico/a de proxectos.

- **Publicidade da convocatoria**

A oferta de contratación divulgarase polos seguintes medios:

- A oferta de contratación será exposta ao público nos taboleiros municipais dos Concellos adheridos.

- Publicación na páxina web de AGADER

- Publicación do anuncio de oferta nun xornal de tirada rexional.

As bases da Convocatoria estarán expostas en:

- A sede do grupo de desenvolvemento rural.

- Os concellos do territorio.

- Poderán así mesmo descargarse na páxina web de AGADER (http://agader.xunta.es)

- **Sistema de selección do persoal**

A selección do persoal técnico do GDR deberase efectuar atendendo ás funcións que se van a realizar no territorio.

- Mobilización, animación e dinamización: tarefas dunha especial importancia para conseguir unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas. Estes labores serán importantes, tanto no inicio do programa como no desenvolvemento do mesmo.

- Promoción e captación das iniciativas.

- Maduración de proxectos e apoio aos promotores.

- Apoio técnico para a selección de proxectos.

- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis aló da tramitación de axudas.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A súa contratación atenderá aos principios de libre concorrencia, transparencia, publicidade e obxectividade.

- **Medios técnicos: local, medios informáticos.**
  Sede social
  A Sede do GDR ADERCOU está situado no Centro Empresarial Transfronteirizo de Barbadás. Onde conta cunha oficina específica e de xeito compartido con aulas e sala de reunións.
  Actualmente o equipo técnico dispón de rede de fibra con wi-fi, teléfonos portátiles, teléfono móbil, ordenadores de sobremesa completos con periféricos para videoconferencia, 2 impresoras multifunción láser en color, destrutora de papel, e demais enseres típicos de oficina e suficientes para a realización da labor encomendada.

### *I.2. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación*

Aquí recóllense as liñas estratéxicas, e para cada liña estratéxica as medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

*Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación*

| | |
|---|---|
| **Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)(*)** | **OBXECTIVOS XERAIS:**<br><br>OX1- DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE<br><br>OX2- APLICACIÓN DA ESTRATEXIA “DA GRANXA A MESA”_PRODUCTOS KM.0<br><br>**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**<br><br>OE1 (1.1; 1.2; 1.3; 1.4; 1.5)<br>OE2 (2.1; 2.2; 2.3; 2.4; 2.5; 2.6; 2.7)<br>OE3 (3.4)<br>OE4 (4.1) |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Descrición** | A liña reflexa a necesidade de mellorar a competitividade empresarial, tanto nas actividades agrarias como non agrarias como fórmula de potenciar o desenvolvemento económico da zona, o que sen dubida é o principal acicate para a fixación de poboación nas áreas rurais.<br>A innovación entendendo como tal a nova maneira de plantexar un negocio rural , sen perder a esencia da sustentabilidade territorial pero empregando os recursos que a sociedade actual ofrece tales como a dixitalización ou as novas formas de mercado, ofrecen múltiples posibilidades de diversificar económica un territorio rural que cada vez se torna menos hostil para calquera tipo de aposta sectorial. Debemos potenciar o multiservizo no rural do territorio |
| **Medidas ou liñas de actuación** | M1.1 Desenvolvemento do tecido produtivo local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade.<br>M1.2 Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a industria de transformación e comercialización agroalimentaria.<br>M1.3 Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor contribuíndo así tamén á loita polo cambio climático.<br>M1.4 Promoción do territorio como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR.<br>M1.5 Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.<br>M1.6 Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude.<br>M1.7 Contribuír con medidas de responsabilidade social coorporativa á redución da brecha salarial, ao fomento das |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero.<br><br>M1.8 Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación.<br>M1.9 Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade. |

| | |
|---|---|
| **Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)(*)** | **OBXECTIVOS XERAIS:**<br><br>OX3- CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)<br><br>OX5- RESPONSABILIDADE SOCIAL<br><br>**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**<br><br>OE3 (3.1; 3.2; 3.3; 3.4)<br>OE5 (5.5) |
| **Descrición** | A Liña pretende definir como estratéxico o aproveitamento sostible do territorio.<br>O patrimonio histórico e natural é hoxe un dos principais recursos endóxenos que o territorio oferta para afondar en tres principais cuestións:<br>- O fomento do orgullo de pertenza a dito territorio, o que permite que a poboación ofreza maiores anhelos de implementar os seus proxectos vitais e empresariais no mesmo.<br>- O emprego de ditos recursos como elementos diferenciadores cara a unha atracción de visitantes con fins turísticos. Algo moi necesario nunha zona con alto valor neste sector. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | - O aproveitamento dos recursos históricos e naturais como cales de venta territorial asociados á posta en valor dunha sociedade respectuosa co medio, o que incide na oferta turística, pero tamén na oferta de convivencia de persoas que buscan o seu hábitat no rural.<br><br>Por todo elo, o feito de establecer medidas que incidan na recuperación dos mesmos e na potenciación do seu uso deixará por un lado abertas novas posibilidades de establecer novas empresas e iniciativas vinculadas ao sector, o que favoreza o asentamento da poboación, e en segundo termo conseguir que o territorio rural gañe en resiliencia ante as emerxencias provocadas pola combinación de abandono do territorio e consecuencias do cambio climático.<br><br>Todas estas actuacións deben de facerse dende os estándares propios da sostibilidade, xa que son os mesmo que garantirán unha correcta conservación do ecosistema. Para elo adquirirán importancia as pautas formativas e informativas de sensibilización ecolóxica. |
| **Medidas ou liñas de actuación** | M2.1 Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores .<br>M2.2 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc) potenciando o emprego de calidade.<br>M2.3 Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas.<br>M2.4 Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros.<br>M2.5 Elevar o nivel de conciencia ambiental colectiva do territorio, mediante a motivación e implicación da cidadanía.<br>M2.6 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais vinculadas á cultura, como elemento diferenciador e identificador do territorio aproveitando tamén o paso do Camiño de Santiago polo territorio. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | M2.7 Mellorar o aproveitamento dos recursos endóxenos de cara á diversificación produtiva e social. |

| **LE3 - Mellora dos estándares de calidade de vida da poboación a través da dotación de servizos básicos e asistenciais.** | |
|---|---|
| **Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)(*)** | **OBXECTIVOS XERAIS:**<br><br>OX4- SERVIZOS BÁSICOS ASISTENCIAIS<br><br>**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**<br><br>OE4 ( 4.1; 4.2; 4.3; 4.4; 4.5; 4.6) |
| **Descrición** | Os servizos asistenciais básicos ou a conciliación familiar son dous dos eidos que máis preocupan actualmente, nun territorio cada vez máis envellecido con maior número de dependentes e con familias onde os dous pais traballan e que non é doado conciliar vida laboral e familiar, considérase esencial esta liña estratéxica con medidas de actuacións destinadas a favorecer a calidade de vida e ao desenvolvemento persoal e social.<br>Así mesmo a responsabilidade social nos diferentes ámbitos de actuación que inflúen no respecto ás persoas é esencial para crear unha sociedade que aínda que se desenvolva economicamente en positivo, xere as condicións necesarias para conseguir un crecemento xusto e respectuoso.<br>Non se deben arbitrar medidas de mellora do territorio sen ter presente a necesidade imperiosa de que toda a poboación sexa beneficiaria das mesmas, e por iso esta liña estratéxica debe ser tida en conta ante cada actuación de desenvolvemento. |
| **Medidas ou liñas de actuación** | M3.1 Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do territorio como espazo de calidade ambiental.<br>M3.2 Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático.<br>M3.3 Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | M3.4 Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e o ocio.<br>M3.5 Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores. |

### *I.3. Proxectos e accións específicas con impacto significativo*

Na táboa que figura a continuación indícanse os proxectos e outras accións específicas que o GDR vai desenvolver ou impulsar, que considera máis relevantes, con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.1).

Recóllense aquí os proxectos a financiar e tamén as actividades a desenvolver directamente polo GDR con impacto significativo.

Especifícanse os tipos de proxectos que o GDR considera prioritarios ou de maior interese para atender as liñas estratéxicas e obxectivos establecidos.

Esta reflexión pretende axudar a definir a estratexia de acción futura do grupo, identificando tamén os novos servizos, produtos e as intervencións necesarios para o desenvolvemento local do territorio.

*Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo*

**PROXECTO Nº 1:**

| | |
|---|---|
| **Proxecto / Acción específica** | **PROXECTO DE ECONOMÍA CIRCULAR SOSTIBLE DE RECICLAXE DE ACEITES VEXETAIS PARA A ELABORACIÓN DE AMENETIES** |
| **Obxectivo xeral** | OX1- Desenvolvemento económico e mellora da competividade<br>OX3- Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)<br>OX5- Responsabilidade social |
| **Liña estratéxica na que se enmarca** | LE1 - Mellora dos sectores produtivos no medio rural, fomento do autoemprego e dinamización económica<br>LE2 – Valorización do territorio a través da conservación do patrimonio natural e histórico e da aplicación de estratexias de mitigación do Cambio Climático |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Tipo de proxecto ou acción** | Proxecto piloto/Proxecto animación |
| **Produtivo/ Non produtivo** | Non Produtivo a efectos de xestión GDR con incidencia Produtiva |
| **Descrición** | O proxecto parte dunha cuestión primoxenia que é o aproveitamento do aceite vexetal usado para a elaboración de produtos de hixiene ou cosméticos, pero lonxe desta sexa a finalidade última do mesmo, o que se pretende é crear un proxecto piloto que xere unha actividade global a cal se interrelacione a actuación medioambiental da reciclaxe, a saída "comercial" do produto resultante a través da aplicación dunha forma de economía circular, e mesmo a creación dunha imaxe de marca e adhesión a un proxecto de desenvolvemento territorial.<br><br>Que se pretende por tanto? Por unha banda dar solución á eliminación do aceite usado que é unha necesidade funcional e mesmo legal e normativa das empresas de hostalería (bares, restaurantes, hoteis, casa rurais, etc..) e por outro arbitrar un proceso no cal os ameneties que xurdan da reciclaxe deste aceite revertan de novo nos propias xeradores da materia prima. Por tanto establécese unha compensación en ameneteis para cada chafariz de aceite usado creando así unha actividade económica circular. |

**PROXECTO Nº 2**

| | |
|---|---|
| **Proxecto / Acción específica** | **PLAN PILOTO "DA GRANXA Á MESA" CO OBXECTIVO A UTILIZACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS DE QUILÓMETRO CERO AOS CENTROS EDUCATIVOS** |
| **Obxectivo xeral** | OX2- APLICACIÓN DA ESTRATEXIA "DA GRANXA A MESA"_PRODUCTOS KM.0 |
| **Liña estratéxica na que se enmarca** | LE1 - Mellora dos sectores produtivos no medio rural, fomento do autoemprego e dinamización económica |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | LE2 – Valorización do territorio a través da conservación do patrimonio natural e histórico e da aplicación de estratexias de mitigación do Cambio Climático |
| **Tipo de proxecto ou acción** | Proxecto piloto/Proxecto animación/Proxecto de formación |
| **Produtivo/ Non produtivo** | Non Produtivo a efectos de xestión GDR con incidencia Produtiva |
| **Descrición** | A provincia de Ourense concentra unha gran porcentaxe da superficie destinada á agricultura ecolóxica liderando así por exemplo a produción de cereais e vide ecolóxicos. Por iso é axeitado poñer en marcha un proxecto piloto para ofrecer e promover un consumo de alimentos e unha dieta saudable máis sostibles a un extracto da poboación como son os escolares que poidan xerar tendencia entre os seus maiores, fomentando o cultivo dos produtos do territorio e contribuíndo a redución da perda e o desperdicio de alimentos.<br><br>Trátase polo tanto de afondar nun proxecto que promove a utilización de produtos alimentarios de proximidade nos comedores dos centros educativos e que xa está levando a cabo o GDR Adercou pero focalizalo xa na área urbana da capital da provincia de xeito de consolidar a idea de levar os produtos da granxa ata as mesas da poboación urbana que ultimamente están demandando con máis apetencia os mesmos. Temos garantir acceso a unha alimentación e nutrición de calidade, e cremos que son as comunidades educativas as que poden ofrecer a mellor canle de divulgación desta idea que inflúe dun xeito directo na sostenibilidade ambiental e ao tempo na mellora económica dos nosos produtores agrarios.<br><br>Non pretendemos quedarnos a medio camiño neste eido e pretendemos que o Proxecto piloto abarque a todos os colexios do territorio co cal considerase imprescindible acadar a colaboración da Consellería de Educación para o desenvolvemento integral do proxecto. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | Aparte de garantir a achega de alimentos, pretendese no proxecto xerar unha canle divulgativa entre os escolares da importancia do sector agrario no territorio, achegando a produtores a escola para que conten as súas vicisitudes e a súa experiencia vital, ou levando aos rapaces a visitar explotacións para coñecer de primeira man de onde procede a súa alimentación. Deste xeito tamén pretendemos crear vínculos emocionais que xeren identidade territorial e favorezan o comercio a pequena escala.<br><br>Xa por último o proxecto levará aparellado un programa de captación de talento agrario, orientado á formación e divulgación dos valores da actividade que poidan redundar na aparición de novos emprendedores no sector. Como ben eses emprendedores precisaran base territorial farase un especial seguimento ás áreas tradicionais de horta do territorio, no denominado "rianxo" de Ourense, onde se poderían levar a cabo procesos de posta en produción da terra en deshuso empregando as ferramentas que a lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia achega a tal fin. |

### *I.4. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo*

Para manter informada á poboación local sobre as axudas que ofrece, a estratexia e sobre os resultados que se van obtendo a medida que esta se executa, e en particular para difundir os proxectos aprobados prevense unha serie de accións que permitan a través de diversas canles facer chegar xa non so a existencia do Leader e do **GDR ADERCOU** que o xestiona, senón tamén a existencia de proxectos que valoricen o territorio, apostas tanto produtivas como non produtivas con impacto real e positivo sobre o territorio, ou mesmo a difusión da propia zona como localización apta para establecer un proxecto vital no rural galego.

Para elo planifícanse varias fórmulas de aplicación publicitaria e que se relacionan na seguinte listaxe:

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Publicación de noticias e información, tanto das axudas que ofrece a estratexia, como dos proxectos subvencionados, na web e nas redes sociais do GDR: Para elo pretende continuarse na elaboración de vídeos acerca de proxectos subvencionados onde non só se realiza difusión do impacto do GDR e o seu impacto territorial senón que se achega igualmente unha ferramenta de difusión comercial ao promotor.
- Difusión nos medios de comunicación: seguiremos apostando por secuencias de emisión de spots publicitarios sobre a existencia de momentos clave no GDR como a convocatoria de axudas, reforzando  a súa posición como elemento dinamizador.
- Notas de prensa e roldas de prensa cando se consideren que se pode achegar información nova e relevante.
- Espazos publicitarios para difundir eventos, cursos de formación realizados coa Estratexia sempre que o permitan os orzamentos.
- Difusión por e-mail de todas as actividades e eventos organizados subvencionados coa Estratexia a todos os membros da Asemblea, e aos beneficiarios das axudas, e ás persoas e organizacións que formaron parte do proceso de participación, así como a todas as persoas que o soliciten.
- Emprego das canles colaborativas asociadas á xestión e funcionamento do GDR (Xunta Directiva e Asemblea como liña transmisora das mensaxes e valores do Grupo).

Pero si ben é importante a animación cara a persoas externas á asociación, e igual de necesaria a animación que denominaremos “interna” orientada tanto cara os promotores e usuarios do GDR, como tamén de aqueles sectores de opinión que convivan dentro dos órganos de xestión do propio grupo.

Para elo prevese a  realización de distintas actuacións para difundir os requisitos dos proxectos e beneficiarios, as operacións ou liñas de actuación existentes, e as posibles axudas:

- Rolda de prensa aos medios de comunicación locais.
- Publicación de información útil para solicitar as axudas da Estratexia na páxina web do GDR.
- Carta informativa dixital, ou incluso visita persoal por parte do persoal técnico do GDR aos concellos anunciando o inicio da execución da estratexia programada, e ofrecendo unha charla informativa aos municipios interesados.
- Charlas nos municipios e asociacións interesados.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Información a outros técnicos de desenvolvemento de distintas entidades da comarca (principalmente ADL), ben a través dunha reunión, ou mediante entrevistas personalizadas.
- Deseño de follas informativas para todas as persoas, empresas e entidades interesadas en emprender unha iniciativa auxiliable coa Estratexia. Recollerán a seguinte información: requisitos dos beneficiarios, trámites, documentación a entregar para solicitar a axuda, tipos de proxectos auxiliables, e criterios de subvención. Entregarase aos interesados que se informen na oficina do GDR, e enviarase por correo electrónico ás persoas que así o soliciten. Estas follas informativas estarán dispoñible tamén na páxina web e facilitarán os datos de contacto da oficina do **GDR ADERCOU** na seguinte dirección**: CET- Lugar do Pontón 32980 Barbadás – Ourense**, horario de atención de 9 a 14h, Teléfono: **988 360 173** e-mail: **gdr11@adercou.com**
- O GDR responderá ás cuestións que reciba de posibles promotores, ben na súa oficina, por teléfono, fax, e-mail ou correo postal.
- Para iniciar un expediente, ademais de entregar toda a documentación pertinente, será necesaria polo menos unha entrevista persoal cun técnico do GDR antes de tramitar o expediente.

Ademais, durante o proceso de execución da estratexia, a información sobre as axudas difundirase abertamente mediante algunhas das accións de publicidade descritas no punto anterior deste documento.

- **Programación das actuacións propias de animación**

Tal e como se reflexa no parágrafo anterior, o GDR xestionará a animación dende dúas perspectivas, a **valorización territorial** orientada ao axente externo entendendo o mesmo como aquelas persoas ou entidades que non teñan vinculación orgánica co GDR (potenciais promotores, visitantes territoriais, etc..), e unha segunda perspectiva de **difusión da súa labor**, que son aquelas actuacións que tratan de difundir e informar do traballo do GDR a aquelas persoas ou entidades con capacidade de decisión no mesmo ou cando menos participantes das súas actividades.

Por todo elo relacionamos dous cadros de actuacións a realizar dende as dúas perspectivas de traballo.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo*

**ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN EXTERNAS:**

| | Actuación | Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...) |
|---|---|---|
| **A1** | Promoción de proxectos e/ou actividades subvencións | A través de cortos de vídeo promocionais porase en valor a necesidade das axudas para poñer en marcha proxectos no territorio que inciden directamente no desenvolvemento da comarca. Ditos vídeos serán empregados nas diversas RRSS do GDR e así mesmo poderán ser empregados como insercións publicitarias nas diferentes canles de comunicación audiovisual. O target do mesmo será en todo caso outros potenciais emprendedores do territorio que se poden ver reflexados no contido, e mesmo posibles clientes do sector ou do proxecto presentado. |
| **A2** | Xestión de medios de comunicación na difusión da actuación do GDR | É importante para o GDR ter unha boa comunicación programática do seu labor que con carácter periódico sexa promocionada a través da difusión da súa actualidade informativa. Para elo emitiranse comunicados e/ou notas de prensa onde se valorice a xestión diaria do GDR, a convocatoria de roldas de prensa para aqueles aspectos cuxo interese sexa maior, ou mesmo facer programas de difusión específicos para medios de comunicación con entrevistas, reportaxes, etc… que permitan a correcta comunicación da actividade do grupo. |
| **A3** | Xestión das RRS (Facebook, Instagram, etc..) | A presenza actualizada dos GDR nas RRSS debe de ser unha constante na difusión da |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| | | actividade do GDR, xerando información de actualidade (xornadas, cursos, publicación de convocatoria, etc..), de contexto (proxectos apoiados, participación en outras actividades como colaborador como a "loita contra a violencia de xénero", etc..) e mesmo no relativo a información e comunicación da actividade orgánica da asociación. A día de hoxe e tendo en conta o target ao cal nos queremos dirixir, facebook e instagram entendemos que son as dúas canles de uso preferente) |
| **A4** | Mailings e comunicacións dixitais | O GDR plantexará con carácter periódico unha serie de mailings que reporten información de actualidade e mesmo de contesto, e que será enviada a entidades que poidan redifundir a mensaxe como Asociacións de empresarios, culturais, entidades públicas como concellos e/ou mancomunidades, etc… así mesmo farase unha base de datos de persoas que soliciten ter esta información e que sexan así mesmo receptores desta información. |

**ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN INTERNAS:**

| | Actuación | Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...) |
|---|---|---|
| **A5** | Comunicación oficiais e informativas aos órganos de decisión do GDR | Referirse esta actuación á xestión de comunicacións informativas aos órganos de representación do GDR como son as convocatorias de xuntas directivas, asembleas, reunións, etc.. |
| **A6** | Emprego dos medios de comunicación para información das actuacións e actividades "internas" do GDR | Os medios de comunicación, destacando aqueles de índole escrita son as mellores canles informativas acerca da celebración de reunións oficiais como Xuntas directivas, ou de carácter informativa ou participativo, así como |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| | | os resultados obtidos nas mesmas (Datos, decisións, etc…) |
| **A7** | Xestión das RRSS como canle comunicativa | Empregaranse as RRSS para informar igualmente de reunións, convocatorias, xornadas ou calquera outra actuación do GDR. |
| **A8** | Charlas, formación e información da actividade do GDR cara a potenciais colaborades na difusión da mesma. | O persoal técnico do GDR desenvolverá unha actuación global de información das axudas Leader e do desenvolvemento da súa estratexia, para elo achegarase a posible colaboradores na redifusión da información tales como ADL, concellos, entidades asociativas, etc.. |

### *I.5. Plan de formación do GDR*

Para conformar un bo e apropiado programa formativo compre facer con carácter previo unha análise correcta do mercado de traballo que dalgún xeito defina as eivas existentes no aspecto do coñecemento e poida delimitar as necesidades de formación existentes no territorio. Non toda a formación debe de estar orientada ao mercado laboral a corrección dos seus desequilibrios, pero si é necesario telos en conta na definición da formación Leader.

O mercado laboral da comarca formada polo GRD-11 amosa dúas realidades ben diferenciadas. Por unha banda temos aqueles concellos cunha taxa de actividade superior á media galega, casos de Barbadás, Ourense e San Cibrao das viñas, que integran un único sistema urbano estruturado en torno á cidade de Ourense, no que a capital provincial acollería as funcións terciarias e residenciais, Barbadás, realizaría funcións fundamentalmente residenciais e San Cibrao, acollería a actividade industrial.
Nun plano intermedio se situarían concellos como, Coles ou Pereiro de Aguiar.
Por último, existen unha serie de concellos cuxa taxa de actividade é moi baixa, casos de Amoeiro, Esgos, Nogueira de Ramuín a Peroxa ou Vilamarín. Esta baixa taxa de actividade expresa unha escasa capacidade deses territorios para xerar riqueza na actualidade.
Os dados de ocupación, son congruentes coas anteriores afirmacións, sendo os concellos que integran o sistema urbano de Ourense os que dispoñen de maiores

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

oportunidades laborais. Amoeiro, Esgos, Nogueira de Ramuín e A Peroxa, son os concellos que expresan unha situación máis difícil.

Cabe sinalar, en canto á situación segundo o xénero, que en todos os casos a incorporación da muller ao mercado laboral é máis débil que a do home, sendo esta cuestión máis problemática nos concellos con menor nivel de desenvolvemento, con taxas de ocupación que roldan o 25%, son polo tanto máis numerosas as mulleres desempregadas que os homes, un 54% sobre o 46%. Por tramos de idade e sexo, o maior volume corresponde a mulleres entre 25 e 45 años.

En xeral, obsérvase como na meirande parte dos concellos a taxa de paro para o conxunto dos/as mozos/as é inferior a media galega. As maiores taxas de paro atópanse en Esgos, Nogueira de Ramuín e Ourense, mentres que as menores estarían en Coles, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín. Pero mentres en San Cibrao a taxa de actividade e a de ocupación son superiores á media galega, como consecuencia do seu tecido industrial, nos restantes casos, estas taxas son inferiores á media, evidenciando a menor capacidade da súa economía. Por tanto, as menores taxas de paro en algúns dos concellos de carácter rural son consecuencia dun proceso migratorio da poboación moza, que marchou a procurar mellores oportunidades noutros concellos máis grandes. Parte desta poboación migrada concéntrase en Ourense, sendo unha das razóns da súa elevada taxa de paro. É dicir, esa baixa taxa de paro nalgúns concellos rurais expresa unha transferencia de potencial demográfico dos concellos rurais á capital provincia.

**Afiliacións á Seguridade Social segundo o sector de actividade (2021)**

| | Total | Réxime xeral minería do carbón | Réxime especial de autónomos | Réxime especial agrario | Réxime especial do mar | Réxime especial empregados do fogar |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **1017889** | **764296** | **205179** | **5794** | **18880** | **23740** |
| **Ourense** | **102594** | **76652** | **22720** | **493** | **21** | **2708** |
| **Amoeiro** | 885 | 604 | 258 | X | 0 | 22 |
| **Barbadás** | 4648 | 3715 | 798 | 7 | X | 127 |
| **Cartelle** | 727 | 520 | 185 | 6 | 0 | 16 |
| **Coles** | 1191 | 879 | 284 | 4 | 0 | 24 |
| **Esgos** | 378 | 293 | 73 | 0 | 0 | 12 |
| **Gomesende** | 169 | 111 | 48 | X | 0 | 9 |
| **Merca, A** | 652 | 467 | 167 | X | 0 | 17 |
| **Nogueira de Ramuín** | 703 | 551 | 129 | X | 0 | 22 |
| **Ourense** | 37280 | 29437 | 6496 | 55 | 5 | 1287 |
| **Paderne de Allariz** | 472 | 359 | 103 | 0 | 0 | 10 |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pereiro de Aguiar** | 2620 | 1975 | 576 | 0 | 0 | 69 |
| **Peroxa, A** | 588 | 450 | 121 | 4 | 0 | 13 |
| **Ramirás** | 378 | 251 | 109 | X | X | 16 |
| **San Cibrao das Viñas** | 2352 | 1831 | 473 | X | X | 44 |
| **Toén** | 826 | 622 | 178 | 5 | 0 | 21 |
| **Vilamarín** | 670 | 499 | 149 | X | 0 | 21 |
| **Xunqueira de Espadanedo** | 266 | 189 | 72 | 3 | 0 | X |

- *Fonte: IGE – Afiliacións á Seguridade Social*

**SECTORES DE ACTIVIDADE**

Á hora de analizar o mercado laboral e a estrutura económica do territorio compre ser moi precavido á hora de extraer conclusións da distribución sectorial do emprego, xa que esta non resposta tanto ás características da economía local da meirande parte dos concellos como a demanda de traballo nos servizos no concello de Ourense e na industria establecida nos Polígonos industrias de principalmente o de Barreiros en San Cibrao das Viñas e o Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar. É dicir, o emprego, na industria, e nos servizos e froito, en boa medida, de factores de demanda esóxenos a cada un dos concellos.

A microempresa, como é habitual, constitúe o tipo empresarial máis abundante, aínda que acada un peso singularmente elevado nos concellos de Amoeiro, Esgos, Nogueira de Ramuín, A Peroxa ou Toén. Nos restantes concellos sitúase na media galega ou por debaixo dela. Empresas de máis de cen empregados só se atopan nos concellos de Ourense, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas.

## SECTOR PRIMARIO: AGRICULTURA, GANDARÍA E SECTOR FORESTAL

No territorio do GDR 11, a agricultura ten un carácter residual, en relación ao resto de sectores, pero destaca a actividade forestal, que representa un enorme potencial. A gandaría está vinculada principalmente ao sector cárnico e desenvólvese nos concellos máis rurais: Amoeiro, Cartelle, Gomesende, a Merca, Esgos, Nogueira de Ramuín, e Vilamarín. A produción vitivinícola destaca particularmente en Toén, onde é a principal actividade económica, pertencente á D.O. Ribeiro, se ben ten igualmente implantación noutros Concellos pertencentes a DO da Ribeira Sacra como A Peroxa ou Nogueira de Ramuín.

No referente á gandería, a de vacún ten un escaso peso relativo na comarca cousa diferente ao que pasa no referente á gandería intensiva de porcino que goza dunha

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

maior tradición. Non obstante, esta só é relevante, nos concellos de Amoeiro, A Peroxa e, en menor, medida, Coles, Esgos e Nogueira e Ramuín. Cabe sinalar que a produción se mantén estable nos últimos anos.

Hai que destacar a presenza do grupo cooperativo COREN, con gran implantación na comarca, dende 1959 e é na actualidade unha das principais empresas agroalimentarias do país e a primeira de Galicia. Vinculada ao grupo Coren existe unha importante produción avícola. Se ben existe unha importante produción no conxunto da comarca, esta é particularmente alta nos concellos de Toén e A Peroxa.

As actividades que conforman a cadea da madeira constitúen un dos piares fundamentais da economía do territorio. As produtores que se engloban no mesmo, supoñen algo máis do 16% do total da provincia.

O 65 % da superficie rústica do territorio considérase espazo forestal, pero os niveis de minifundismo e a falta de adecuación dos viais así como a falta de cooperación de coordinación da planificación forestal dificulta a capacidade extractiva da foresta, así como a aplicación de novas aplicacións caso do sector enerxético, (Biomasa).

## SECTOR SECUNDARIO

A industria concéntrase nos concellos con polígono industrial, nos que se concentran as empresas de maior tamaño. Existen varios no territorio, e compre diferenciar entre os diferentes estados dos mesmos, se ben por un lado están os polígonos empresariais de San Cibrao, Pereiro de Aguiar e Barreiros que están plenamente consolidados e maduros e son auténticos aglutinadores do sector industrial e multiempresarial do territorio, hoxe tamén existen outros emerxentes como o localizado en Vilamarín, e tamén de nova creación como o de Nogueira de Ramuín e que están chamados a ser os novos nichos de solo industrial con potencial para captar novas iniciativas.

A industria agroalimentaria da comarca está constituída fundamentalmente polo sector vitivinícola, e a industria cárnica. O principal expoñente da industria cárnica é o Grupo COREN (Cooperativas Ourensanas). Trátase dunha organización complexa, que da cobertura a outras 16 cooperativas. Iniciou a súa actividade fai 35 años en réxime de cooperativa, sendo hoxe en día a primeira empresa agroalimentaria de Galicia e unha das principais a nivel do estado. A súa dimensión social ben expresada polas máis de 6.000 familias cooperativistas e 3.450 empregados en 2001. Dispón de granxas avícolas e de porcino e, en menor medida, de vacún. COREN por un lado fabrica pensos para a posterior produción nas súas granxas de porcino, aves, vacún e coellos. Na comarca de Ourense, conta cunha planta en San Cibrao das Viñas. Por outro lado, dispón de empresas que se encargan de transformar o produto da cría, para a súa posterior 24 comercialización no mercado final. No eido da comarca a principal planta atópase en

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Santa Cruz de Arrabaldo, onde conta cun matadoiro, sala de despece e planta de elaborados de pavo.

No sector da transformación da madeira mencionar, a presenza no Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das viñas do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos dá Madeira (CIS Madeira), organismo público, ao servizo da industria da madeira de Galicia, que a través das súas actividades pretende contribuír a mellorar a posición competitiva das empresas deste sector, propiciando un aproveitamento óptimo do recurso forestal e unha maior aplicación e calidade dos seus produtos derivados.

Neste sentido o territorio é un gran exportador de madeira de primeira transformación, corte e serradoiro pero apenas existe industria de segunda transformación. Non se desenvolveu completamente unha importante empresa de aproveitamento da madeira, caso de industria do moble, ou de desenvolvemento de pezas. Aínda que existen importantes empresas de forma singular no sector de creación de produtos para a construción. Desta maneira no sector conviven propietarios madeireiros, comunidades de bens, pequenos transformadores, e grandes empresas mesmo multinacionais.

**SECTOR TERCIARIO**

O principal sector de actividade é o dos servizos, polo que analizamos a súa composición a través dos datos dispoñibles e que nos ofrece información sobre a actividade de forma máis detallada, segundo a cal a actividade principal do sector é o comercio, seguido da sanidade, a administración pública e a educación.

- Comercio o por maior e o por menor (21,0%)
- Sanidade e Servizos sociais (15,1%)
- Administración Pública (12,9%)
- Educación (11,3%)

Na análise sectorial merece a pena deterse no sector turístico no cal é imprescindible mencionar o traballo que está a realizar na promoción o Consorcio da Ribeira Sacra, auténtico dinamizador das políticas de atracción de turistas e visitantes do Norte do territorio.

Neste importante sector no desenvolvemento futuro do territorio existen grandes diferenzas a nivel municipal, xa que a principal oferta encóntrase, por unha banda en Ourense, vinculada ao termalismo e por outro lado en Nogueira de Ramuín, vinculada á Ribeira Sacra.

Precisamente Nogueira de Ramuín, cumpre a premisa de ser un caso excepcional, xa que tratándose dun concello rural, conta con 179 prazas en hotel, debido á presenza no seu territorio do Parador de San Estevo de Ribas de Sil. Nos restantes concellos rurais a oferta de aloxamento é claramente escasa.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por tipos de aloxamento cabe destacar que non existe ningún cámping en todos este concellos e mesmo a oferta de turismo rural redúcese a poucas prazas distribuídas en Casas rurais dispersas por varios concellos (Esgos, Ourense, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín) que non dispoñen de ningún establecemento. Con esta escaseza de infraestrutura hoteleira resulta imposible valorizar e aproveitar o potencial turístico da zona, xa que, de momento, esta permite a visita pero non o aloxamento. Tratándose do principal destino emerxente de Galicia, resulta imprescindible que este elemento básico da oferta turística sexa mellorado.

### *I.5.2 Plan de formación*

A formación, entendida como instrumento básico para a promoción do desenvolvemento rural, debe responder a tres funciones básicas; **adaptación**, para aprender a defenderse ante a contorna exterior asimilando, para iso, as tecnoloxías a empregar deben ser as adecuadas; **innovación** que permitirá asumir posicións de vangarda para adiantarse aos cambios e finalmente e non menos importante, a función de **conservación**, para manter entre a xente os coñecementos e o saber facer tradicional, como estratexia para consolidar o vasto patrimonio, a cultura e a identidade territorial do rural galego dunha forma adaptada e integrada aos novos tempos.

O **GDR ADERCOU** poñerá en marcha accións formativas cuxos destinatarios sexan as persoas que desenvolvan as súas actividades ou presten servizos nos sectores agrogandeiro, forestal e alimentario, os xestores de terras e outros axentes económicos que constitúan PEME cuxo ámbito de actuación sexa o medio agroalimentario ou turístico fortalecendo aquel que mesture as dúas capacitacións como é o enoturismo, así como todas aquelas persoas cuxo traballo se realice ou potencialmente poida realizarse no devandito ámbito.

En todo caso a modalidade de impartir as docencias será o presencial, entendendo a mesma como aquela que ten lugar nunha aula con presenza do docente que transmite os mesmos coñecementos e no mesmo tempo a un grupo de alumnos e alumnas, independentemente do tipo de recursos didácticos que utilice. Permite tamén a realización de prácticas fora da aula.

En base á temática tratada nas actividades formativas, estas dividiranse nas seguintes modalidades:

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Modalidade 1:** Formación agraria e medio ambiental. Os temas poderán ser de agricultura, gandaría, selvicultura, conservación do medioambiente, sanidade vexetal, sanidade e benestar animal, seguridade no traballo etc.

**Modalidade 2:** Formación rural non agraria. Formación dirixida a aspectos transversais ou horizontais respecto da modalidade anterior como TICs, turismo rural, etc.

Dentro da Modalidade 1 realizaranse accións formativas destinadas á difusión de información en agricultura, gandaría, silvicultura, desenvolvemento sostible, conservación do medio ambiente, procesos industriais agroalimentarios, xestión e desenvolvemento de pequenas e medianas empresas de ámbito rural etc., ben en forma de exposicións, reunións, presentacións ou publicacións, tanto en forma impresa como dixital de folletos informativos ou manuais prácticos ou a través de plataformas dixitais.

Como accións demostrativas realizaranse sesións prácticas nas que se mostrarán novidades ou avances nos ámbitos tecnolóxicos e de proceso produtivo que supoñan unha mellora con respecto ás tecnoloxías ou procesos tecnolóxicos ou produtivos de uso actual, como é o caso de nova maquinaria, novos sistemas produtivos na industria agroalimentaria, novas variedades de cultivo, sistemas eficientes de rega, novas tecnoloxías na industria agroalimentaria e forestal.:

**Os obxectivos a acadar con esta formación serán:**

1) Mellorar os resultados económicos das explotacións e a súa modernización. Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores debidamente formados e a súa substitución xeracional.
2) Mellorar a competitividade dos produtores primarios na cadea agroalimentaria a través de sistemas de calidade, valor engadido aos produtos agrícolas, a promoción en mercados locais e circuítos de distribución curtos, as agrupacións de produtores e as organizacións interprofesionais.
3) Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural. Mellorar a xestión da auga. Previr a erosión dos chans e mellorar a súa xestión.
4) Maior eficacia no uso da auga na agricultura. Maior eficiencia no uso da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos. Redución de gases de efecto invernadoiro e de emisións de amoníaco procedentes da agricultura.
5) Facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e de emprego. Fomento do desenvolvemento local en zonas rurais. Mellorar a

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

accesibilidade ás tecnoloxías de información e comunicación (TIC), o seu uso e calidade en zonas rurais.

6) Promover o desenvolvemento persoal da poboación a través de programas de capacitación continua que permitan mellorar a súa capacidade cara o mercado laboral, e así mesmo a súa mellora na relación social entre veciños do territorio.
7) Mellora da capacitación profesional orientada á consecución de emprego de calidade.

Por tanto, a formación agraria e non agraria que se organizará e xestionará a través do GDR establecerá un programa de accións formativas a desenvolver entre os anos 2023 e 2027 que contribúan ao coñecemento, formal ou non formal, académico ou autodidacta, á experiencia, ás habilidades, ás capacidades e, sobre todo, ao compromiso social e ético para o desenvolvemento rural constituindo aspectos elementais para a xeración dunha base de coñecemento nas zonas rurais que permita mellorar a competitividade e a innovación no sector agroalimentario ,forestal e turístico do territorio.

Pretende por tanto fomentar a aprendizaxe permanente e a formación profesional nos sectores de referencia, pois entende que a maior cualificación maior será a súa produtividade laboral co obxecto de manter ou aumentar a competitividade do seus negocios. Tales actividades formativas van dirixidas a persoas do medio rural que traballen ou vaian traballar nestas actividades, incluídos os mozos e as mulleres, para potenciar o asentamento da poboación e a substitución xeracional diversificando as actividades económicas no medio rural e a igualdade entre homes e mulleres.

*Táboa 7. Plan de formación*

<table>
<tr><td colspan="3">Actividades formativa</td></tr>
<tr><td colspan="3">Sector: AGRARIO E AGROALIMENTARIO</td></tr>
<tr><td rowspan="4">F1. EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS<br><u>Xustificación:</u> O uso dos xurros e sobre todo un correcto emprego de fitosanitarios e imprescindible para o desenvolvemento dunha actividade agraria que en deixar de ser viable sexa non daňina para o medio ambiente, que no territorio de actuación e clave para preservar outras fórmulas de economía como o turismo. A sensibilización e a formación</td><td>Formato</td><td>Presencial</td></tr>
<tr><td>Duración</td><td>Mín. 8 horas</td></tr>
<tr><td>Perfil alumnado</td><td>Profesionais do sector e novos emprendedores</td></tr>
<tr><td>Requisito persoal formador</td><td>Técnicos con formación cualificada e</td></tr>
</table>

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| neste eido tornase polo tanto vital para o futuro do rural do Adercou. | | profesionais do sector |
| **F2. XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN ECOLÓXICO**<br><br>**Xustificación:** Unha boa formación acerca da xestión viable e responsable pode converter as explotación agrarias en ecolóxico en empresas con capacidade para xerar riqueza. Formarse en cuestións como contabilidade, procesos de negociación, apertura de novas oportunidades de comercialización en canais de proximidade, etc.. podo abrir novas portas ao sector para ser máis competitivo.<br>Tamén ao ser tratadas directamente as explotacións en ecolóxico na formación incluiranse aspectos relacionados coa xestión de químicas, fertilizantes, fitosanitarios, etc... | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 8 horas |
| | **Perfil alumnado** | Profesionais do sector e novos emprendedores |
| | **Requisito persoal formador** | Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector |
| **F3. VALORIZACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**<br><br>**Xustificación:**<br>Tendo quen conta un dos obxectivos para este período que é a valorización dos produtos locais, cabe incluír formación relacionada coa transformación e conservación de produtos da terra. | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 4 horas |
| | **Perfil alumnado** | Profesionais do sector e novos emprendedores |

| **Actividades formativa** | | |
|---|---|---|
| **Sector: SERVIZOS A POBOACIÓN** | | |
| **F4.A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SERVIZOS ASISTENCIAIS**<br><br>**Xustificación:** A necesidade da poboación maior para acceder a determinadas propostas interactivas de xestión tales como solicitudes de citas médicas, ou comunicacións directas de emerxencias fan | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 4 horas |
| | **Perfil alumnado** | Persoas maiores dependentes e familiares das mesmas |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| preciso esta formación que pode mellorar a capacidade de reacción e urxencia nas actuacións tan necesario neste ámbito da poboación. | **Requisito persoal formador** | Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector |
| **F5.CURSO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**<br><br>**<u>Xustificación:</u>** Cada día a poboación en xeral debe de facer as súas tramitacións habituais de xeito electrónico en calquera das administracións, incluso nas municipais sendo as mesmas as máis achegadas ao cidadán.<br>Apenas existe formación específica para o uso destas canles sendo como son hoxe en día de uso obrigado pola cidadanía. | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 4 horas |
| | **Perfil alumnado** | Poboación en xeral |
| | **Requisito persoal formador** | Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector |

| **Actividades formativas** | | |
|---|---|---|
| **Sector: EMPRESARIAL, AGRARIO, COMERCIO E TURISMO** | | |
| **F6. MARKETING EMPRESARIAL E USO DAS REDES SOCIAIS**<br><br>**<u>Xustificación:</u>** As iniciativas de autoemprego ou pequenas empresas teñen hoxe en día no uso das ferramentas dixitais, concretamente nas redes sociais unhas aliadas para chegar dun xeito máis convincente ao consumidor, que cada vez máis emprega as mesmas como canle informativa acerca das súa potenciais necesidades de compra. É polo tanto necesario para a empresas dispoñer de coñecementos sobre como colocar o seu produto no escaparate da rede. | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 8 horas |
| | **Perfil alumnado** | Emprendedores e empresarios de diversos sectores, principalmente aqueles que se dedican á venta directa. |
| | **Requisito persoal formador** | Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector |
| **F7. COMERCIO ELECTRÓNICO PARA PEMES** | **Formato** | Presencial |
| | **Duración** | Mín. 8 horas |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| **Xustificación:** As iniciativas de autoemprego ou pequenas empresas teñen hoxe en día no uso das ferramentas dixitais. O comercio electrónico a través de diferentes canles de pagamento, así como as liñas propias de reserva de praza, cita, etc.. son instrumentos cada vez mais necesarios xa que a venta a distancia e a inmediatez do servizo son claves o desenvolvemento da empresa. | **Perfil alumnado** | Emprendedores e empresarios de diversos sectores, principalmente aqueles que se dedican á venta directa. |
| | **Requisito persoal formador** | Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector |

### *I.6. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades*

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas, segundo a táboa actualizada que se reflicte ao comezo deste documento. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

### GUIÓN GRUPO DE TRABALLO (GT) entre GDR de Galicia

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do presente ano. A segunda fase, que consistirá na posta en

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

### PRIMEIRA FASE

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvoltos durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
    a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
    b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
    c. Grupo Traballo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
    d. Grupo Traballo: Turismo en zonas rurais
    e. Grupo Traballo: Innovación e dixitalización

Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus intereses e de xeito voluntario. Quedando como segue:

| Grupo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental | Grupo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio |
|---|---|
| Grupos inscritos:<br>**GDR1 Terras de Miranda**<br>**GDR2 Terra Chá**<br>**GDR3 Montes e Vales Orientais**<br>GDR10 Limia Arnoia (coordinador)<br>**GDR13 Condado-Paradanta**<br>**GDR15 Pontevedra-Morrazo**<br>**GDR 16 Pontevedra Norte**<br>**GDR20 Ulla Tambre Mandeo**<br>**GDR24 Seitura 22** | **Grupos inscritos:**<br>GDR2 Terra Chá<br>GDR3 Montes e Vales Orientais<br>GDR4 Comarca de Lugo<br>GDR 5 Miño Ulla<br>GDR 7 Valdeorras<br>GDR8 Sil-Bibei-Navea<br>GDR9 Monteval<br>GDR10 A Limia-Arnoia<br>GDR12 Carballiño-O Ribeiro<br>**GDR13 Condado Paradanta (coordinador)**<br>GDR15 Pontevedra-Morrazo<br>GDR16 Pontevedra Norte |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | GDR17 SalnésUllaUmia<br>GDR19 Terras de Compostela<br>GDR21 Ordes Asdecomor<br>GDR22 Costa da Morte<br>GDR23 Mariñas Betanzos<br>GDR24 Seitura 22 |
| Grupo: Produtos agrolimentarios.<br>Potenciación do sector agropecuario | **Grupo:** Turismo en zonas rurais |
| Grupos inscritos:<br>**GDR1 Terras de Miranda**<br>**GDR3 Montes e Vales Orientais**<br>**GDR 5 Miño Ulla**<br>**GDR8 Sil-Bibei-Navea**<br>**GDR11 ADERCOU**<br>**GDR13 Condado-Paradanta**<br>**GDR15 Pontevedra Morrazo**<br>**GDR 16 Pontevedra Norte**<br>**GDR17 SalnésUllaUmia**<br>**GDR19 Terras de Compostela**<br>**GDR21 Ordes Asdecomor**<br>**GDR22 Costa da Morte**<br>**GDR23 Mariñas Betanzos**<br>GDR24 Seitura 22 (coordinador) | **Grupos inscritos:**<br>GDR1 Terras de Miranda<br>**GDR3 Montes e Vales Orientais (coordinador)**<br>GDR4 Comarca de Lugo<br>GDR7 Valdeorras<br>GDR9 Monteval<br>GDR12 Carballiño-O Ribeiro<br>GDR13 Condado-Paradanta<br>GDR15 Pontevedra-Morrazo<br>GDR16 Pontevedra Norte<br>GDR17 SalnésUllaUmia<br>GDR19 Terras de Compostela |

Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación e dixitalización queda sen constituír pendente de facelo ao que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento transversal no traballo de todos os GT.

2. Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar os GDR como axentes relevantes nos territorios.
3. A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
5. A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

**SEGUNDA FASE:**

A partir da aprobacións das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborarase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales desas necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Definir plan de acción e as correspondentes liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

**RELACIÓN DE INTERESES MANIFETADOS POLOS GDR NA REUNIÓN CELEBRADA O 6 DE XUÑO DO PRESENTE ANO EN LALIN.**

O GDR ADERCOU, en base ao recollido no proceso participativo Leader considera que debe formar parte das áreas focais que se identifican no cadro que se reflicte a continuación, xa que as mesmas son percibidas polo territorio como de interese para levar a adiantes diferentes accións que afonden no desenvolvemento das mesmas máis aló de seren priorizadas nas normas de xestión da EDLP.

**GRUPO DE TRABALLO ALIMENTACIÓN :**

A continuación recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 24 Seitura 22:

| GRUPO | TEMÁTICAS PRIORITARIAS |
|---|---|
| GDR 1 Terras de Miranda | Estratexia da Granxa a Mesa.<br>Sist. Alimentarios Sostibles.<br>Ecocomedores.<br>Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios |
| GDR 3 Montes e Vales Orientais | Estratexia da Granxa a Mesa.<br>Sist. Alimentarios Sostibles. |
| GDR 5 Miño - Ulla | Transformación e comercialización alimentaria.<br>Agricultura ecolóxica |
| GDR 8 Sil – Bibei – Navea | Proxecto Silbina<br>Transformación alimentaria |
| GDR 9 - Monteval | Estratexia da Granxa a Mesa<br>Sistemas Alimentarios Sostibles<br>Ecocomedores |
| GDR 11 Comarca de Ourense | Estratexia da Granxa a Mesa.<br>Km 0.<br>Comedores Escolares. |
| GDR 13 Condado - Paradanta | Estratexia da Granxa á Mesa<br>Produción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios<br>Ecocomedores |
| GDR15 Pontevedra-Morrazo | Estratexia da Granxa á Mesa.<br>Produción e transformación ecolóxica.<br>Consumo de proximidade. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | Comercialización conxunta.<br>Promoción e valorización das IXP, DO, AA. |
| GDR 16 Pontevedra Norte | |
| GDR 17 Salnés Ulla Umia | |
| GDR 19 Terras de Compostela | Consumo Km 0.<br>Relacións produtores-hostaleiros.<br>Mercados locais |
| GDR 21 – Comarca de Ordes | Km 0.<br>Mercados locais.<br>Comedores comunitarios.<br>Aproveitamento segundas calidades. |
| GDR 22 – Costa da Morte | Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento.<br>Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores).<br>Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros.<br>Transformación da produción convencional en ecolóxica |
| GDR 23 Mariñas Betanzos | |
| GDR 24 - Seitura | Estratexia da Granxa á Mesa.<br>Ecocomedores. |

A estratexia de desenvolvemento local debe de incluír unha liña especifica de axudas para a implementación dun Plan de cooperación entre Grupos de Desenvolvemento Rural". O obxectivo desta axuda é fomentar a cooperación dos Grupos tanto dentro da Comunidade Autónoma como no resto de España ou da Unión Europea.

Os Grupos que participen nun proxecto de cooperación deben ter intereses comúns nun determinado ámbito, sempre relacionado coa estratexia, e a cooperación debe favorecer a aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos.

A axuda consiste nunha subvención dos gastos que realicen os Grupos para a preparación e posta en práctica destes proxectos de cooperación.

Os proxectos de cooperación entre Grupos deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Implicarán a posta en común de ideas, coñecementos, recursos humanos e materiais, incluídos os financeiros, ao redor da consecución dun obxectivo de interese compartido e mediante a execución das accións que se consideren necesarias.
b) Os seus obxectivos deberán ser coherentes cos obxectivos definidos nas estratexias de desenvolvemento local Leader.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Deberán respectar os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de non discriminación.
d) Deberán implicar a execución dunha acción en común. Os gastos preparatorios de estudos ou intercambio de información poderán ter a consideración de fase previa, pero non de proxecto de cooperación como tal. A cooperación non se poderá limitar a un intercambio de experiencias e deberá supoñer a realización dunha acción común integrada.
e) Promoverán a participación dos sectores socioeconómicos do territorio, tanto públicos como privados, afectados polos fins e obxectivos do proxecto.

Nos proxectos de cooperación entre Grupos tamén poderán colaborar as entidades locais, fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís ou empresarios individuais, organizacións empresariais e, en xeral, calquera persoa física ou entidade con personalidade xurídica que efectúe unha achega económica ao proxecto ou manifeste o seu interese, estatutario ou adoptado, para contribuír ao seu desenvolvemento.

O acordo de participación e o compromiso de financiamento das entidades colaboradoras deberán quedar reflectidos nun documento vinculante. As entidades colaboradoras do proxecto non teñen a consideración de beneficiarias das subvencións reguladas por esta orde.

Identifícanse con carácter inicial aqueles proxectos que o GDR ven levando a cabo no período de programación 2014-2020 e que se entende están a supoñer un éxito tanto no seu desenvolvemento como na consecución dos obxectivos propostos. Aparte vese durante o desenvolvemento dos mesmos que queda aínda percorrido para chegar a cumprir co fin último dos proxectos que non é outro que implantar un novo nicho económico territorial que a través de medidas innovadoras posibilite a implantación de novas iniciativas relacionadas cos proxectos, co cal cabe seguir apostando por desenvolver os proxectos e manter a cooperación cos grupos participantes.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede*

| FICHA RESUMO-ECOCOMEDORES | |
|---|---|
| Descrición | O proxecto pretende animar os circuítos alimentarios de proximidade nos centros escolares, mediante o fomentos dos produtos locais, ecolóxicos e de tempada, buscando adaptar os menús ás novas recomendacións sanitarias. A pertinencia do proxecto destácase debido á existencia dun proxecto de Real Decreto relacionado coa promoción dunha alimentación saudable e sostible nos centros educativos, o que reflicte o interese da sociedade en abordar a obesidade infantil, ao tempo ao que se contribúe ao desenvolvemento rural. |
| Obxectivos | - Revisar os menús escolares, incorporando produtos locais, de temporada e ecolóxicos, sen aumentar os custos.<br>- Promover unha alimentación saudable e sostible empregando produtos locais nos comedores escolares, reducindo a pegada de carbono ao evitar transportes a longas distancias, apoiar ás pequenas empresas alimentarias rurais e ampliar o acceso aos produtos locais.<br>- Divulgar o proxecto entre as familias, equipos educativos e a sociedade en xeral. |
| Entidades cooperantes | GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño – Ulla, GDR 10 Limia - Arnoia, GDR 13 Condado - Paradanta, GDR 14 Galicia Suroeste Eu Rural, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 20 Ulla – Tambre - Mandeo, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas - Betanzos, GDR 24 Seitura 22 |
| Forma ou tipo de cooperación | A Cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) é altamente efectiva para o intercambio e a transferencia de experiencias exitosas en diferentes territorios. Estes territorios que participan no proxecto de cooperación teñen un enorme potencial para o desenvolvemento dunha estratexia centrada na alimentación, que estimule a comercialización e o consumo de produtos locais na súa área de influencia, centrando a actuación nos comedores escolares. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| Accións a desenvolver | - Asesoramento nutricional a centros escolares. Revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria.<br>- Accións de sensibilización, formación e talleres para a comunidade educativa e persoal de cociña. Charlas teóricas e obradoiros prácticos para a elaboración de pratos con alimentos de tempada e cálculo de ingredientes para a elaboración de fichas técnicas.<br>- Xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico. Organización de xornadas en cada un dos centros educativos participantes en cada GDR.<br>- Accións de información e comunicación do proxecto. Elaboración de materiais divulgativos e organización de eventos de difusión para dar a coñecer o proxecto con degustación de produto local.<br>- Accións de apoio ao sector produtor e mellora da loxística |

| FICHA RESUMO- ENOTURISMO NAS IXP DE VIÑOS DE GALICIA. | |
|---|---|
| Descrición | Os territorios das IXP vitícolas de Galicia teñen moito potencial para o desenvolvemento de iniciativas turísticas de crecente demanda, vinculadas ao viño e a súa cultura.<br>O enoturismo configurase polo tanto, como un mercado de grande interese que ofrece unha oferta turística diferenciada, sostible e de calidade, adaptada ás demandas dos visitantes que buscan experiencias auténticas, culturais e gastronómicas<br>Para afrontar o difícil reto de desenvolver o enoturismo nas IXP de viño de Galicia será necesario buscar sinerxías a través dun proxecto de cooperación que permita promocionar o patrimonio vitivinícola de cada zona, promover o turismo sostible, dinamizar a economía local, poñer en valor a tradición e cultura do viño, e crear experiencias turísticas únicas. |
| Obxectivos | - Fomento do enoturismo nas IXP vitícolas de Galicia e dar a coñecer os seus viños. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | - Promover e consolidar os Itinerarios enoturírsticos das IXP de Viños de Galicia.<br>- Impulsar a formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola das IXP.<br>- Posicionamento e promoción dos viños e adegas das 5 IXP de Galicia.<br>- Contribuír á sustentabilidade económica das IXP vitícolas galegas.<br>- Mellora da visibilidade e recoñecemento das IXP de Viño de Galicia.<br>- Contribuír a un turismo sostible e dinamizar a economía local |
| Entidades cooperantes | GDR Pontevedra Morrazo, GDR Adercou, ADL Deloa, Eurural, GDR Mariñas – Betanzos e GDR Salnés -Ulla-Umia. |
| Forma ou tipo de cooperación | A Cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) é altamente efectiva para o intercambio e a transferencia de experiencias exitosas en diferentes territorios. |
| Accións a desenvolver | As IXP vitivinícolas galegas representan un valioso patrimonio enolóxico e cultural. Para dar a coñecer e consolidar os itinerarios destas IXP, as adegas e os seus viños, propóñense as seguintes accións:<br><br>1. Plan comunicación orientado a mellorar o posicionamento enoturístico das IXP de viños de Galicia e os seus viños.<br>– Consolidación do relato enoturístico. Avanzar na construción dunha imaxe e narrativa propia para cada IXP.<br>– Contidos multimedia, como vídeos de presentación de adegas, entrevistas a persoas viticultoras, titorías de cata, etc. para descubrir de forma interactiva a diversidade das IXP e os seus viños.<br>– Crear unha guía en liña con recomendacións sobre que facer, ver, comer etc. en cada unha das IXP vitivinícolas de Galicia. |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Sinalización intelixente para facilitar as visitas e posicionar estas rutas entre os potenciais enoturistas e favorecer a promoción destes destinos.
- Xestión da Web e redes sociais (Facebook, YouTube e Instagram) e monitorización e seguimento durante o proxecto.

2. Creación dunha Rede de colaboradores das Rutas dos viños de cada unha das IXP de viños de Galicia combinando as potencialidades da industria do viño e do turismo e promovendo a participación de múltiples actores públicos e privados
3. Formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola da IXP. Impulsar a asociación de adegas das IXP de viños de Galicia incluíndo formación enoturística e apoio a adegas e entidades colaboradoras para mellorar habilidades e coñecementos
4. Visitas guiadas e catas comentadas polos itinerarios e as adegas e/ou entidades colaboradoras en cada unha das IXP de viños de Galicia para dinamizar os itinerarios enoturísticos.
5. Xornadas enogastronómicas de divulgación e promoción dos viños, da gastronomía local e dos itinerarios das IXP de viños de Galicia.
6. Difusión e promoción
   - Campaña publicitaria en medios dixitais para dar a coñecer os viños e Adegas das 5 IXP de Galicia.
   - Crear folletos e mapas detallados dos itinerarios enoturísticos e distribuílos en puntos clave como oficinas de turismo, hoteis e adegas.
   - Organizar concursos e sorteos para incentivar as visitas aos territorios, adegas, viñedos etc.
   - Crear un pasaporte da Ruta dos viños das IXP de Galicia
   - Merchandising e outros elementos de promoción dos itinerarios.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### *I.7.Planificación temporal*

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

*Táboa 9.Planificación temporal dos proxectos e actividades*

| | Semestres (*) | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Proxectos/ actividades | 2023 I | 2023 II | 2024 I | 2024 II | 2025 I | 2025 II | 2026 I | 2026 II | 2027 I | 2027 II | 2028 I | 2028 II | 2029 I | 2029 II |
| **Proxectos e accións específicas con impacto significativo** | | | | | | | | | | | | | | |
| P1 | | | | | | | | | | | | | | |
| P2 | | | | | | | | | | | | | | |
| **Actuacións propias de animación** | | | | | | | | | | | | | | |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | |
| A3 | | | | | | | | | | | | | | |
| A4 | | | | | | | | | | | | | | |
| A5 | | | | | | | | | | | | | | |
| A6 | | | | | | | | | | | | | | |
| A7 | | | | | | | | | | | | | | |
| A8 | | | | | | | | | | | | | | |
| **Actividades formativas** | | | | | | | | | | | | | | |
| F1 | | | | | | | | | | | | | | |
| F2 | | | | | | | | | | | | | | |
| F3 | | | | | | | | | | | | | | |
| F4 | | | | | | | | | | | | | | |
| F5 | | | | | | | | | | | | | | |
| F6 | | | | | | | | | | | | | | |
| **Actividades de cooperación** | | | | | | | | | | | | | | |
| C1 | | | | | | | | | | | | | | |
| C2 | | | | | | | | | | | | | | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### *I.8. Normas de xestión e baremo*

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo casos os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.

**Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:**

- ✓ Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ De ser finalista, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxectivos e función para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa una actividade finalista.

## LIMITACIÓNS SECTORIAIS:

Atendendo a **RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023** por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece as limitacións sectoriais concretas por razón de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio.
A maiores tamén se dispón en ditas bases que será un Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia a que igualmente dispoña as limitacións no tocante as actuacións en dito sector.
Por parte do GDR, establécense unha serie de limitacións especificas territoriais que se delimitan no seguinte cadro.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## LIMITACIÓNS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

- ✓ En investimentos que consistan en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, salóns de peiteado, despachos profesionais e calquera outra actividade económica (proxectos produtivos) será subvencionable en todos os núcleos (entidade singular) cando non exista a dita actividade e de existir, será subvencionable en núcleos con menos de 2000 habitantes, en núcleos con máis ou igual a 2000 habitantes estarán condicionados á creación de 0,5 UTAS.
- ✓ En investimentos no sector comercio polo miúdo serán subvencionables en todos os núcleos (entidade singular) cando non exista a dita actividade e de existir será subvencionable en núcleos con menos de 2000 habitantes, en núcleos con máis ou igual a 2000 habitantes estarán condicionados a creación de 0,5 UTAS. A modernización e ampliación será subvencionable en todo o territorio elixible do GDR11.
- ✓ Non se subvencionarán a posta en marcha de novos servizos turísticos (entendendo os mesmos como Servizos de restauración e/ou aloxamento da mesma categoría) sempre xa que existan no núcleo de poboación de implantación do proxecto, ou que no Concello de Referencia o número total dos mesmos sexa superior a un ratio de 1/500 habitantes.
- ✓ No caso de creación de novos aloxamentos, os mesmos teñen que supoñer na totalidade a súa posta en marcha de como mínimo 4 habitacións, agás nos apartamentos turísticos nos cales o mínimo queda delimitado en 3. Así mesmo estes proxectos deben de establecer no Plan de Xestión unha oferta complementaria de actividades no territorio ben de xeito directo ou a través de acordos asinados con terceiros.
- ✓ En canto a non existencia do servizo ou actividades deberá o promotor presentar un informe do Concello ou organismo competente en conformidade.
- ✓ No caso de investimentos que incidan na recuperación elementos do patrimonio histórico e cultural de Galicia, os mesmo deben de estar identificados ben no Catálogo de Patrimonio da Xunta de Galicia ou ben como elemento protexido nun inventario público de carácter municipal PXOM, Plan Básico, etc..)
- ✓ No caso de investimentos que incidan na mellora de espazos naturais, os mesmos deben de contar con algunha figura de protección pública (Rede Natura, ENIL, LIC, etc...).
- ✓ **LOCAIS SOCIAIS**: Non se subvencionarán en ningún caso novos locais sociais. Os investimentos nos mesmos quedarán reducidos a pequenas obras de

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

acondicionamento e/ou mellora da dotación de mobiliario e/ou servizos (cociña, baño, etc..) en locais xa existentes, para o cal se precisará dun informe da alcaldía no cal se explicite que a construción e a actividade do Local Social e previa ao ano 2023.

## LIMITACIÓNS FINANCIEIRAS

### PROXECTOS PRODUTIVOS

1.- **A limitación das axudas dos proxectos produtivos por regra xeral** e máis aló do disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicos **será de 100.000 €**

2.- No caso de proxectos presentados cuxo establecemento sexa nos Polígonos/Parques empresariais de funcionamento consolidado como son o de Barreiros, San Cibrao das Viñas e Pereiro de Aguiar terá unha limitación de axuda de 50.000 €.

### PROXECTOS NON PRODUTIVOS

1.- **A limitación das axudas dos proxectos non produtivos por regra xeral** e máis aló do disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicos **será de 50.000 €.**

## BAREMOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá responder aos seguintes criterios de subvencionalidade:

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- ✓ Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos do territorio.
- ✓ Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

O baremo que se pretende aplicar no GDR11 será o seguinte:

| TIPO DE PROXECTO | LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA |
|---|---|
| PRODUTIVOS | ✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 50%<br>✓ **NOTA DE CORTE MÍNIMA:** 20 PUNTOS<br>✓ **PUNTUACIÓN MÁXIMA:** 70 PUNTOS<br>✓ **ÁXUDA MÁXIMA**:100.000 €<br>✓ **AXUDA MÁXIMA EN POLÍGONOS IND/PARQUES EMPRESARIAIS (BARREIROS, PEREIRO DE AGUIAR E SAN CIBRAO DAS VIÑAS)**: 50.000 € |
| NON PRODUTIVOS | ✓ MÍNIMO 30% E MÁXIMO 65%<br>✓ **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE ALTA**: 65 %<br>✓ **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE MEDIA**: 50 %<br>✓ **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE BAIXA**: 35%<br>✓ **AXUDA MÁXIMA**: 50.000 € |

| BONO ACTIVA RURAL | LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA |
|---|---|
| PRODUTIVOS | ✓ **ENTRE 20-29 PUNTOS:** 3.000 €<br>✓ **ENTRE 30-39 PUNTOS**: 5.000 €<br>✓ **ENTRE 40-49 PUNTOS**: 8.000 €<br>✓ **ENTRE 50-59 PUNTOS:** 12.000 €<br>✓ **ENTRE 60-69 PUNTOS**: 15.000 €<br>✓ **70 PUNTOS:**18.000 € |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## BAREMO PRODUTIVO

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Criterios relativos á localización xeográfica (Máx. 25 puntos)** | **Características económicas do concello onde se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos de ámbito supramunicipal recibirá a puntuación do concello coa puntuación máis alta).*** | | | | | **10** |
| | Indicador Municipal de Renda dos Fogares (2020) | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **IMRF** | **PUNT.** | |
| | | >60% da media galega | A Peroxa, Gomesende | 60,37/63,23 | 10 | |
| | | >65% e ≤ 70% da media galega | Cartelle, Ramirás, Vilamarín | 66,25/66,58/69,31 | 8 | |
| | | >70% e ≤ 80% da media galega | Esgos, A Merca, Paderne de Allariz, Xunqueira de Espadanedo | 76,06/75,33/79,48/76,54 | 6 | |
| | | >80% e ≤ 90% da media galega | Coles, Nogueira de Ramuín, San Cibrao das Viñas, Toen | 84,17/82,82/88,14/88,26 | 4 | |
| | | >90% e ≤ 100% da media galega | Amoeiro, Barbadas, Pereiro de Aguiar | 90,48/91,96/94,14 | 2 | |
| | **Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos de ámbito supramunicipal recibirá a puntuación do concello coa puntuación máis alta). (Acumulables)*** | | | | | **10** |
| | Variación da Poboación 2013-2022 | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **Variac. Pob.** | **PUNT.** | |
| | | Caída de poboación ≤ -20% | Gomesende | -24,95 | 5 | |
| | | Caída da poboación ≥ -15 % e < -20% | Cartelle, Ramirás, Xunqueira de Espadanedo | -18,50/-17,22/-18,95 | 4 | |
| | | Caída da poboación ≥ -10 % e < -15% | A Merca, A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Vilamarín | -10,51/-13,43/-10,92/-11,37/-12,84 | 3 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Caída da poboación ≥ 0 % e < -10% | Coles, Esgos, Toén | -2,43/-6,44/-6,97 | 2 | |
| | | Aumento da poboación > 0% e ≤ 5% | Amoeiro, Pereiro de Aguiar | 3,99/4,80 | 1 | |
| | | Aumento da poboación > 5% | Barbadás, San Cibrao | 9,91/17,13 | 0 | |
| | Índice de envellecemento 2022 | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **Índice** | **PUNT.** | |
| | | Índice de envellecemento > 800 | Gomesende | 899 | 5 | |
| | | Índice de envellecemento > 700 e ≤ 800 | A Peroxa | 746,7 | 4 | |
| | | Índice de envellecemento > 600 e ≤ 700 | Cartelle, Ramirás | 684,74/635,56 | 3 | |
| | | Índice de envellecemento > 500 e ≤ 600 | Esgos | 544,0 | 2 | |
| | | Índice de envellecemento > 300 e ≤ 500 | Amoeiro, Coles, A Merca, Paderne de Allariz, Nogueira de Ramuín, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Espadanedo | 320,83/359,91,386,03/375,03/497,97/364,50/465,25/399´99 | 1 | |
| | | Índice de envellecemento ≤ 300 | Barbadas; Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas | 101,20/189,1/132,67 | 0 | |
| | **Entidades singulares de poboación onde se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos que se realicen en varias entidades de poboación ou lugares, recibirá a puntuación do lugar ou entidade de poboación coa puntuación máis alta).*** | | | | | **10** |
| | ≤ a 100 hab. e os proxectos de ámbito supramunicipal | | | | 10 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 101 - 200 | | 8 | |
| | 201 - 300 | | 6 | |
| | 301 - 400 | | 5 | |
| | 401 - 500 | | 3 | |
| | 501 - 600 | | 2 | |
| | 601 - 700 | | 1 | |
| | > 700 | | 0 | |
| **Características do promotor e proxecto (máx. 10 puntos)** | **Características do promotor e o proxecto** | | | **10** |
| | ***A. BONO ACTIVA RURAL (*)*** ***(puntuarase directamente con 10 puntos independente dos seguintes items)*** | | | **10** |
| | **B. Tipoloxía do Promotor (os puntos non son acumulables aos do BONO ACTIVA RURAL)** | | | **10** |
| | *Valoración da persoa ou entidade promotora (acumulable)* | | 6 | |
| | Proxectos presentados por autónomos individuais ou que supoñan a creación de autoemprego | 4 | | |
| | Proxectos presentados por pequenas empresas | 3 | | |
| | Persoas con discapacidade, persoas con dificultades integración social ou risco de exclusión social, persoas inmigrantes ou emigrantes retornados | 2 | | |
| | Proxectos onde a promotora sexa muller ou o 50% ou mais dunha sociedade sexan mulleres | 1 | | |
| | **Tipoloxía do Proxecto** | | | |
| | *Valoración da tipoloxía de proxecto (acumulable)* | | 4 | |
| | Proxectos relacionados co sector da produción, transformación e/ou comercialización agraria ou de produtos agroalimentarios | 2 | | |
| | Proxectos que empreguen ferramentas de xestión territorial para recuperación da terra agraria en abandono | 2 | | |
| | | 2 | | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Proxectos que ofrezan novo servizos ao territorio (non existan no núcleo de referencia) | | |
| **Incidencias no emprego (Máx. 20 puntos)** (entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computarans e proporcionalmente) | **Creación de emprego: Ratio investimento elixible/nº de empregos creados.** A partir de 0,25 utas | | **15** |
| | < 30.000 € investimento elixible x nº emprego creado | 15 | |
| | ≥ 30.000 € - ≤ 60.000 € investimento elixible x nº emprego creado | 10 | |
| | > 60.000 € investimento elixible x nº de emprego creado | 5 | |
| | **Creación de emprego dirixido a mulleres e colectivos desfavorecidos** | | **5** |
| | ≥ *50%* | 5 | |
| | ≥ 25€ - < *50%* | 3 | |
| | < *25%* | 2 | |
| **Impacto sobre o territorio (Máx. 45 puntos)** | **Capacidade de arrastre da acción a desenvolver (acumulables)** | | **15** |
| | *Proxecto localizado nun concello sen áreas industriais consolidadas (se as ten 0 puntos)* | 5 | |
| | *Non se desenvolve na actualidade actividade similar no concello (se xa se desenv. 0 puntos)* | 5 | |
| | *Proxectos creadores de emprego de persoal residente no territorio do GDR* | 5 | |
| | **Incidencia e adecuación as prioridades europeas e territoriais** | | **15** |
| | *Proxectos que inclúan o uso das TICs* | 5 | |
| | *Proxectos que inclúan actuacións de mellora medioambiental a través de actuacións que repercutan na posta en valor de recursos naturais, etnográficos e patrimoniais.* | 5 | |
| | *Proxectos que inclúan accións de eficiencia ou redución gasto enerxético* | 5 | |
| | *Proxectos que inclúan accións de recuperación da terra agraria* | 5 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Prioridade da Liña Estratéxica na que se enmarca a actuación a desenvolver** | | **15** |
| | *Actuacións enmarcadas como obxectivo especifico nº : (OX1.- OE1.1, OE 1.2, OE 1.3) (OX2.-OE2.1, OE2.2, OE 2.3) (OX3.- OE3.1) (OX4.- OE4.1, OE4.2, OE4.3,OE4.4) (OX5.- OE5.1, OE5.2, OE5.3, OE5.4)* | 15 | |
| | *Actuacións enmarcadas como obxectivo específico nº (OX1.-OE1.3, OE1.4) (OX2.- OE2.4, OE2.5, OE2.6, OE2.7) (OX3.- OE3.2) (OX4.-OE4.5, OE4.6)* | 10 | |
| | *Actuacións enmarcadas como obxectivo específico nº (OX1.- OE1.5) (OX3.- OE3.3, OE3.4) (OX5.- OE5.5)* | 5 | |

(*) - ***BONO ACTIVA RURAL***; No caso de que un promotor se acolla ao bono activa acadará a puntuación máxima prevista dentro do ítem "Tipoloxía do promotor" independentemente da puntuación real que acadaría nos diferentes criterios de valoración desa mesma tipoloxía.

Se o promotor decidise acudir ás axudas por investimento sumaría nese mesmo ítem os puntos que lle corresponderan en función do cumprimento dos criterios propostos.

| **REGLA XERAL PROXECTOS PRODUCTIVOS** |
|---|
| **a) Puntuación mínima (nota de corte) : 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 15%** |
| **b) Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%** |
| **c) Por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos, a axuda incrementarase nun 0,7%** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## BAREMO NON PRODUTIVO

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Criterios relativos á localización xeográfica (Máx. 35 puntos)** | **Características económicas do concello onde se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos de ámbito supramunicipal recibirá a puntuación do concello coa puntuación máis alta).*** | | | | | **10** |
| | Indicador Municipal de Renda dos Fogares (2020) | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **IMRF** | **PUNT.** | |
| | | >60% da media galega | A Peroxa, Gomesende | 60,37/63,23 | 10 | |
| | | >65% e ≤ 70% da media galega | Cartelle, Ramirás, Vilamarín | 66,25/66,58/69,31 | 8 | |
| | | >70% e ≤ 80% da media galega | Esgos, A Merca, Paderne de Allariz, Xunqueira de Espadanedo | 76,06/75,33/79,48/76,54 | 6 | |
| | | >80% e ≤ 90% da media galega | Coles, Nogueira de Ramuín, San Cibrao das Viñas, Toen | 84,17/82,82/88,14/88,26 | 4 | |
| | | >90% e ≤ 100% da media galega | Amoeiro, Barbadas, Pereiro de Aguiar | 90,48/91,96/94,14 | 2 | |
| | **Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos de ámbito supramunicipal recibirá a puntuación do concello coa puntuación máis alta). (Acumulables)*** | | | | | **10** |
| | Variación da Poboación 2013-2022 | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **Variac. Pob.** | **PUNT.** | |
| | | Caída de poboación ≤ -20% | Gomesende | -24,95 | 5 | |
| | | Caída da poboación ≥ -15 % e < -20% | Cartelle, Ramirás, Xunqueira de Espadanedo | -18,50/-17,22/-18,95 | 4 | |
| | | Caída da poboación ≥ -10 % e < -15% | A Merca, A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Vilamarín | -10,51/-13,43/-10,92/-11,37/-12,84 | 3 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Caída da poboación ≥ 0 % e < -10% | Coles, Esgos, Toén | -2,43/-6,44/-6,97 | 2 | |
| | | Aumento da poboación > 0% e ≤ 5% | Amoeiro, Pereiro de Aguiar | 3,99/4,80 | 1 | |
| | | Aumento da poboación > 5% | Barbadás, San Cibrao | 9,91/17,13 | 0 | |
| | Índice de envellecemento 2022 | **TRAMOS DE VALORACIÓN** | **CONCELLOS** | **Índice** | **PUNT.** | |
| | | Índice de envellecemento > 800 | Gomesende | 899 | 5 | |
| | | Índice de envellecemento > 700 e ≤ 800 | A Peroxa | 746,7 | 4 | |
| | | Índice de envellecemento > 600 e ≤ 700 | Cartelle, Ramirás | 684,74/635,56 | 3 | |
| | | Índice de envellecemento > 500 e ≤ 600 | Esgos | 544,0 | 2 | |
| | | Índice de envellecemento > 300 e ≤ 500 | Amoeiro, Coles, A Merca, Paderne de Allariz, Nogueira de Ramuín, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Espadanedo | 320,83/359,91,386,03/375,03/497,97/364,50/465,25/399´99 | 1 | |
| | | Índice de envellecemento ≤ 300 | Barbadas; Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas | 101,20/189,1/132,67 | 0 | |
| | **Entidades singulares de poboación onde se localiza o proxecto** ***(No caso de proxectos que se realicen en varias entidades de poboación ou lugares, recibirá a puntuación do lugar ou entidade de poboación coa puntuación máis alta).*** | | | | | **10** |
| | ≤ a 100 hab. e os proxectos de ámbito supramunicipal | | | | 10 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 101 - 200 | | | 8 | |
| | 201 - 300 | | | 6 | |
| | 301 - 400 | | | 5 | |
| | 401 - 500 | | | 3 | |
| | 501 - 600 | | | 2 | |
| | 601 - 700 | | | 1 | |
| | > 700 | | | 0 | |
| | **Outros criterios xeográficos** | | | | **5** |
| | Vinculación a un Espazo Natural Protexido | | | 5 | |
| **Características do Promotor e do Proxecto (Máx. 20 puntos)** | **Características do promotor e do proxecto no caso de promotores públicos** | | | | **20** |
| | ***Ámbito de actuación*** | | | 10 | |
| | | Supramunicipal | 10 | | |
| | | Municipal | 5 | | |
| | ***Ente promotor*** | | | 10 | |
| | | Supramunicipal | 10 | | |
| | | Municipal | 5 | | |
| | **Características do promotor no caso de promotores privados** | | | | **20** |
| | ***Ámbito de repercusión*** | | | 7 | |
| | | Supramunicipal | 7 | | |
| | | Municipal | 3 | | |
| | ***Número de Promotores (non acumulables)*** | | | 3 | |
| | | Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física) | 1 | | |
| | | Colectivo (Resto de promotores) | 3 | | |
| | *Tipoloxía de Colectivo que promove a actuación: mulleres, mocidade (≤ 41 anos), pers. discapac., pers. maiores (> 65 anos), inmigrantes ou parados. En todo caso nesta tipoloxía so se terá en conta se son figuras xurídicas.* | | | 10 | |
| **Proxectos xeradores de emprego (Máx. 15 puntos)** | **Xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego** (entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente) | | | | **15** |
| | *Non se desenvolve na actualidade unha actividade similar no concello* | | | 5 | |
| | *Proxectos que xeren creación de emprego* | | | 10 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | > 0,25 e ≤ 2 postos de traballo creados | 4 | |
| | > 2 e ≤ 4 postos de traballo creados | 8 | |
| | > 4 postos de traballo creados | 10 | |
| **Impacto sobre o territorio (Máx. 30 puntos)** | **Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver** | | **20** |
| | *Utilización de sistemas de reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade* | 10 | |
| | *Contribución a prevención de incendios na zona* | 10 | |
| | *Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade* | 10 | |
| | Proxectos que incidan na ordenación e recuperación da terra agraria | 10 | |
| | **Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida** | | **10** |
| | Proxectos que inicidan na mellora ou na creación de espazos que oferten servizos básicos asistenciais ou que favorezan a conciliación | 10 | |
| | *Proxectos que incidan na recuperación de edificios existentes para realizar actividades de carácter social(cultural, asistencial, deportivo, medioambiental, formación, etc..* | 8 | |
| | *Proxectos que incidan na creación de espazos coworking ou de usos múltiples* | 7 | |
| | *Proxectos que supoñan a creación de servizos á poboación en xeral (aulas multimedia, museos, bibliotecas, etc…)* | 5 | |

| **PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA . A intensidade máxima: ata o 65 %:** |
|---|
| Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). E en xeral, todos aqueles proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable. |
| Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación. |
| Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral. |
| Actuacións orientadas ao fomento e promoción do turismo na área. |
| Diversificación, creación e desenvolvemento de PEMES. |
| Accións de valorización da paisaxe tradicional. |
| Impulso da xestión ambiental sostible nas explotacións agrarias e na súa contorna. |
| Ordenación, recuperación e posta en valor do patrimonio rural. |
| **a) Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| |
|---|
| **b) Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 65%** |
| |
| **PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA. A intensidade máxima: ata o 50 %:** |
| Mellora da competitividade dos produtores primarios, incrementando o valor engadido aos produtos agrarios e forestais e promocionándoos nos mercados. |
| Impulso da xestión ambiental sostible nos espazos forestais e na súa contorna. |
| Protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais (Inversións en melloras vinculadas á xestión de áreas naturais; Mellora da articulación, mantemento, difusión,… dos espazos libres públicos; Accións de sensibilización e divulgación medioambiental; Mellora da eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables nas entidades públicas e sociais). |
| Proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa da área, coa finalidade de aumentar a empregabilidade. |
| Proxectos relacionados co sector do turismo termal |
| Construción de miradoiros; Desenvolvemento e promoción de rutas, itinerarios ou sendas orientadas ao desenvolvemento de actividades como poden ser bicicleta, sendeirismo, cabalo, náutico, viticultura,… |
| Proxectos de ámbito comarcal e postos en marcha por entidades supramunicipais, que supoñan unha promoción e valorización dos recursos do territorio (tales como edición de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, concursos,... agás asistencias a feiras). |
| **a) Puntuación mínima (nota de corte) : 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%** |
| **b) Puntuación máxima: 45 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%** |
| |
| **PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA . A intensidade máxima: ata o 35 %:** |
| Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas; Cooperación con outros territorios; Cooperación coas entidades públicas como Universidades, IES, Escolas, Centros de investigación, etc..; Accións encamiñadas ao coñecemento dos diferentes axentes e o fomento da cooperación interasociativa. |
| Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros asistenciais a colectivos con necesidades específicas: nenos, maiores, dependentes, persoas en risco de exclusión social. |
| Creación, rehabilitación, mellora ou modernización de centros, locais ou espazos culturais, cívicos e sociais. |
| Promoción e difusión da área e os seus recursos (Campañas de difusión da área e os seus recursos; Impulsar a utilización de instrumentos para a mellora da imaxe da área; Deseñar estratexias de comunicación que trasladen ao mercado a imaxe de calidade das actividades da área.) |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| |
|---|
| Fomento da participación das persoas nas zonas rurais (incrementar a implicación e participación dos mozos e mozas, Fomentar o traballo en rede e interasociativo; Desenvolvemento de encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos,…) |
| Impulso da coordinación das institucións públicas e entidades privadas relacionadas coa área, a cooperación entre axentes privados e a cooperación con outros territorios |
| **a) Puntuación mínima (nota de corte) : 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%** |
| **b) Puntuación máxima: 40 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 35%** |

***En caso de empate priorizaranse os proxectos por numero de entrada dentro de cada tipoloxía**

## MEMORIA DESCRIPTIVA, RELACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN COS OBXECTIVOS E CO PLAN DE ACCIÓN

Durante a elaboración do Baremo definíronse uns criterios de selección que fosen acordes coa consecución dos obxectivos que se definen na estratexia e ó tempo que posibilitaran a obxectividade no calculo dos mesmos.

Estes criterios están definidos para poder primar e favorecer a subvencionalidade a través do Leader de proxectos que se aliñen cos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR, tal e como se especifica a continuación:

1. CRITERIOS RELATIVOS A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Para este criterio apreciouse coller items que reflexaran a ruralidade do territorio, priorizando aquelas cuestión estatísticas como o **Renda dos Fogares**, o **índice de envellecemento** ou a **Variación de poboación** no último decenio (tendo en conta os procesos de caída da mesma).

Así mesmo tamén se prioriza aqueles proxectos que pretendan implantarse en **entidades singulares con pouca poboación**, tratando deste xeito crear unha discriminación favorable para beneficiar a fixación da mesma en pequenos núcleos.

Este criterio pola seu carácter transversal afecta practicamente a todos os obxectivos plantexados na estratexia, en definitiva alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS XERAIS | OBXETIVOS ESPECÍFICOS | LIÑAS ESTRATÉXICAS |
| OX1, OX2, OX3, OX4, OX5 | OE1,OE2,OE3,OE4,OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa10. Localización xeográfica. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. CARACTERISTICAS DO PROMOTOR E PROXECTO

Ao igual que na variación de poboación, pretendese con este ítem facilitar a implantación de actividade produtiva daqueles sectores de poboación que teñen mais dificultade para acceder ao mercado de traballo ou aos círculos de creación de empresas. Por iso considerase altamente necesario valorar proxectos presentados por **autónomos individuais ou pequenas empresas** discriminando positivamente a promotores con discapacidades ou dificultades de integración socia así como **mulleres** promotoras**,** do mesmo xeito favorécense Proxectos relacionados co sector da **produción, transformación e/ou comercialización agraria ou de produtos agroalimentarios,** Proxectos que empreguen ferramentas de xestión territorial para **recuperación da terra agraria** en abandono ou Proxectos que ofrezan **novos servizos** ao territorio (non existan no núcleo de referencia)
Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. CARACTERISTICAS DO PROMOTOR E PROXECTO | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX1,OX2,OX4, OX5 | OE1, OE2, OE4, OE5 | LE1, LE3 |

*Táboa11. Criterios relativos ó promotor e proxecto. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

3. INCIDENCIA NO EMPREGO

Non hai mellor fórmula para a fixación de poboación no rural que a existencia de posibilidades de emprego, aparte de ser un dos fundamentos dos fondos estruturais da UE e obxectivo estratéxico da PEPAC e do propio Leader. Para iso bonifícase con puntuación o feito de **xerar postos de traballo (medido en UTAS),** e inclúese un extra de puntuación para aqueles **colectivos desfavorecidos e mulleres**.

Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 3. INCIDENCIA DO EMPREGO | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX1,OX2, OX3,OX4, OX5 | OE1, OE2, OE3,OE4, OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa12. Criterios relativos á incidencia no emprego. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO

A maior puntuación do cadro de baremación para aqueles criterios que supoñen un impacto real no territorio que creen sinerxía entre os proxectos e o propio territorio, que permita que a subvención mellora o rural de xeito integral.

Valorarase de forma positiva aqueles proxectos localizados en concellos **sen áreas industriais consolidadas** ou que **desenvolvan actividades inexistentes na zona** ou que **creen emprego para persoas residentes** no territorio do GDR.

Ademais teranse en consideración proxectos que se adecúen as **prioridades europeas e territoriais** e as **liñas estratéxicas** que se enmarcan nesta estratexia.

Estes criterios alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX1,OX2, OX3,OX4, OX5 | OE1,OE2,OE3,OE4,OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa13. Criterios relativos ao impacto sobre o territorio. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

## B - CRITERIOS SELECCIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS:

1. CRITERIOS RELATIVOS A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Para este criterio apreciouse coller items que reflexaran a ruralidade do territorio, priorizando aquelas cuestión estatísticas como o **Renda dos Fogares**, o **índice de envellecemento** ou a **Variación de poboación** no último decenio (tendo en conta os procesos de caída da mesma).

Así mesmo tamén se prioriza aqueles proxectos que pretendan desenvolverse en **Espazo Natural Protexido.**

Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX3, OX4, OX5 | OE3,OE4,OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa14. Localización xeográfica. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. CARACTERISTICAS DO PROMOTOR E DO PROXECTO

Nos proxectos de carácter non produtivo entendemos que se deben priorizar aqueles **proxectos de ámbito supramunicipal** que sexan presentados por unha agrupación de entidades que cooperen para levar os proxectos adiante. Tamén se antepoñen no baremo as **iniciativas públicas sobre as privadas**, entendendo que as de carácter publico teñen unha maior incidencia sobre a poboación en xeral.

Valoraranse positivamente aqueles proxectos levados a cabo por colectivos de mulleres, mocidade (<=41 anos), discapacitados, maiores (>65 anos), inmigrantes ou parados. Neste senso so se terán en conta si os promotores se corresponden con figuras xurídicas.

Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. CARACTERISTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX3, OX4,OX5 | OE3,OE4,OE5 | LE2, LE3 |

*Táboa15. Criterios relativos ó promotor. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

3. PROXECTOS XERADORES DE EMPREGO

Non hai mellor fórmula para a fixación de poboación no rural que a existencia de posibilidades de emprego, aparte de ser un dos fundamentos dos fondos estruturais da UE e obxectivo estratéxico da PEPAC e do propio Leader. Para iso bonifícase con puntuación o feito de **xerar postos de traballo (medido en UTAS),** e que actividade levada a cabo non se desenvolve non concello.

Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 3. XERADORES DE EMPREGO | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX1,OX2, OX3,OX4, OX5 | OE1, OE2, OE3,OE4, OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa16. Criterios relativos á incidencia no emprego. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

4.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## 5. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO

Defínense varios items que igual que nos proxectos produtivos, supoñan un impacto real no territorio xa que Leader é un programa que busca non solo o apoio a iniciativas individuais, senón sinerxía entre os proxectos e o propio territorio, co obxecto de xerar unha onda de expansión que permita que a subvención mellore o rural de xeito integral.

Puntuaranse proxectos con **incidencia medioambiental** da actuación a desenvolver (Utilización de sistemas de reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade, Contribución a prevención de incendios na zona, Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade e Proxectos que incidan na ordenación e recuperación da terra agraria).

Tamén aqueles proxectos con **incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida. (**Proxectos que incidan na mellora ou na creación de espazos que oferten servizos básicos asistenciais ou que favorezan a conciliación, Proxectos que incidan na recuperación de edificios existentes para realizar actividades de carácter social(cultural, asistencial, deportivo, medioambiental, formación, etc.., Proxectos que incidan na creación de espazos coworking ou de usos múltiples ou Proxectos que supoñan a creación de servizos á poboación en xeral (aulas multimedia, museos, bibliotecas, etc…)

Este criterio alíñase cos seguintes obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas da Estratexia do GDR:

| 1. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E A POBOACIÓN RURAL | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS XERAIS** | **OBXETIVOS ESPECÍFICOS** | **LIÑAS ESTRATÉXICAS** |
| OX1,OX2, OX3,OX4, OX5 | OE1,OE2,OE3,OE4,OE5 | LE1, LE2, LE3 |

*Táboa17. Criterios relativos ao impacto sobre o territorio. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas*

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## CADROS ESTATÍSTICOS DE CÁLCULO PARA BAREMO TERRITORIAL

### INDICADOR MUNICIPAL DE RENTA NOS FOGARES

| | Renta | % con respecto a media galega |
|---|---|---|
| **Pereiro de Aguiar** | 14.798 € | 94,14 |
| **Barbadás** | 14.455 € | 91,96 |
| **Amoeiro** | 14.222 € | 90,48 |
| **San Cibrao das Viñas** | 13.855 € | 88,14 |
| **Toén** | 13.873 € | 88,26 |
| **Coles** | 13.231 € | 84,17 |
| **Nogueira de Ramuín** | 13.019 € | 82,82 |
| **Paderne de Allariz** | 12.494 € | 79,48 |
| **Xunqueira de Espadanedo** | 12.031 € | 76,54 |
| **Esgos** | 11.956 € | 76,06 |
| **Merca, A** | 11.841 € | 75,33 |
| **Vilamarín** | 10.895 € | 69,31 |
| **Ramirás** | 10.466 € | 66,58 |
| **Cartelle** | 10.414 € | 66,25 |
| **Gomesende** | 9.939 € | 63,23 |
| **Peroxa, A** | 9.490 € | 60,37 |
| **MEDIA GALEGA** | 15.719 € | 100,00 |

Fonte: IGE
*Renda dos fogares municipal. Ano 2020.*
https://www.ige.gal/Shiny/RDB_muni/

### VARIACIÓN DA POBOACIÓN (2013-2022)

| | 2012 | 2022 | DIF | % |
|---|---|---|---|---|
| **San Cibrao das Viñas** | 4.745 | 5.558 | 813 | 17,13 |
| **Barbadás** | 10.064 | 11.061 | 997 | 9,91 |
| **Pereiro de Aguiar** | 6.306 | 6.609 | 303 | 4,80 |
| **Amoeiro** | 2.278 | 2.369 | 91 | 3,99 |
| **Coles** | 3.216 | 3.138 | -78 | -2,43 |
| **Esgos** | 1.180 | 1.104 | -76 | -6,44 |
| **Toén** | 2.567 | 2.388 | -179 | -6,97 |
| **Merca, A** | 2.197 | 1.966 | -231 | -10,51 |
| **Nogueira de Ramuín** | 2.336 | 2.081 | -255 | -10,92 |
| **Paderne de Allariz** | 1.574 | 1.395 | -179 | -11,37 |
| **Vilamarín** | 2.119 | 1.847 | -272 | -12,84 |
| **Peroxa, A** | 2.085 | 1.805 | -280 | -13,43 |
| **Ramirás** | 1.812 | 1.500 | -312 | -17,22 |
| **Cartelle** | 3.163 | 2.578 | -585 | -18,50 |
| **Xunqueira de Espadanedo** | 892 | 723 | -169 | -18,95 |
| **Gomesende** | 914 | 686 | -228 | -24,95 |

Fonte: IGE
*Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes anos a considerar 2013 a 2022.*
https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=002&ruta=verEjes.jsp?COD=589&M=1&S=&RET

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ÍNDICE DE ENVELLECEMENTO

| | 2022 |
|---|---|
| **Barbadás** | 101,20 |
| **San Cibrao das Viñas** | 132,67 |
| **Pereiro de Aguiar** | 189,10 |
| **Amoeiro** | 320,83 |
| **Coles** | 359,91 |
| **Toén** | 364,50 |
| **Paderne de Allariz** | 375,03 |
| **Merca, A** | 386,03 |
| **Xunqueira de Espadanedo** | 399,90 |
| **Vilamarín** | 465,25 |
| **Nogueira de Ramuín** | 497,97 |
| **Esgos** | 544,00 |
| **Ramirás** | 635,56 |
| **Cartelle** | 684,74 |
| **Peroxa, A** | 746,70 |
| **Gomesende** | 899,00 |

Fonte: IGE
Indicadores de poboación. Ano 2022.
https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=002&ruta=verEjes.jsp?COD=723&M=1&S=&RET=

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS PARA A VALORACIÓN DO BAREMO DE PROXECTOS PRODUTIVOS NA SECCIÓN

### “PRIORIDADE DA LIÑA ESTRATÉXICA NA QUE SE ENMARCA A ACTUACIÓN A DESENVOLVER”

| Orde | Obxectivos específicos | Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula |
|---|---|---|
| 1º | 1.1 Fomento da creación de empresas no rural.<br>1.2. Axudar á modernización e ampliación de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade.<br>1.2 Fomentar o autoemprego.<br>1.3 Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades.<br>1.4 Creación e potenciación da oferta de servizos turísticos (hostalaría, restauración, turismo activo, servizos complementarios)<br>1.5 Emprego das ferramentas dixitais como medio para a creación a modernización empresarial. | **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE** |
| 2º | 2.1 Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.<br>2.2 Respaldar programas de comercialización de produtos Km0.<br>2.3 Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo.<br>2.4 Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.<br>2.5 Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias.<br>2.6 Potenciar a creación de empresas de transformación agroalimentaria.<br>2.7 Fomentar a actividade agraria principal e complementaria | **APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA Á MESA"- km.0** |
| 3º | 3.1 Revalorizar e conservar o patrimonio natural, cultural e patrimonial.<br>3.2 Apostar por accións de mellora do medio ambiente<br>3.3 Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural,...)<br>3.4 Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza | **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL e ETNOGRÁFICO)** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| **4º** | 4.1 Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes.<br>4.2 Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...)<br>4.3 Promover servizos básicos inexistentes para a atención a poboación rural<br>4.4 Mellorar os servizos de transporte adaptado.<br>4.5 Activar proxectos de servizos sanitarios (clínicas, centros asistenciais, servizos móbiles como fisioterapia) e de conciliación<br>4.6. Adecuación núcleos rurais para facilitar a implantación de centros comunitarios | **SERVICIOS BÁSICOS ASISTENCIAIS** |
| **5º** | 5.1 Axudar á redución da brecha salarial<br>5.2 Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos.<br>5.3 Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos).<br>5.4 Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino.<br>5.5 Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga | **RESPONSABILIDADE SOCIAL** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# EQUIVALENCIAS NAS AXUDAS

| PROXECTOS PRODUTIVOS | | PROXECTOS NON PRODUTIVOS (PRIORIDADE ALTA) | | PROXECTOS NON PRODUTIVOS (PRIORIDADE MEDIA) | | PROXECTOS NON PRODUTIVOS (PRIORIDADE BAXA) | | BONO ACTIVA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTOS | % DE AXUDA | PUNTOS | % DE AXUDA | PUNTOS | % DE AXUDA | PUNTOS | % DE AXUDA | PUNTOS | CONTÍA |
| 20 | 15,00 | 20 | 30,00 | 20 | 30,00 | 20 | 30,00 | 20 | |
| 21 | 15,70 | 21 | 31,75 | 21 | 31,00 | 21 | 30,25 | 21 | |
| 22 | 16,40 | 22 | 33,50 | 22 | 32,00 | 22 | 30,50 | 22 | |
| 23 | 17,10 | 23 | 35,25 | 23 | 33,00 | 23 | 30,75 | 23 | |
| 24 | 17,80 | 24 | 37,00 | 24 | 34,00 | 24 | 31,00 | 24 | 3.000,00 € |
| 25 | 18,50 | 25 | 38,75 | 25 | 35,00 | 25 | 31,25 | 25 | |
| 26 | 19,20 | 26 | 40,50 | 26 | 36,00 | 26 | 31,50 | 26 | |
| 27 | 19,90 | 27 | 42,25 | 27 | 37,00 | 27 | 31,75 | 27 | |
| 28 | 20,60 | 28 | 44,00 | 28 | 38,00 | 28 | 32,00 | 28 | |
| 29 | 21,30 | 29 | 45,75 | 29 | 39,00 | 29 | 32,25 | 29 | |
| 30 | 22,00 | 30 | 47,50 | 30 | 40,00 | 30 | 32,50 | 30 | |
| 31 | 22,70 | 31 | 49,25 | 31 | 41,00 | 31 | 32,75 | 31 | |
| 32 | 23,40 | 32 | 51,00 | 32 | 42,00 | 32 | 33,00 | 32 | |
| 33 | 24,10 | 33 | 52,75 | 33 | 43,00 | 33 | 33,25 | 33 | |
| 34 | 24,80 | 34 | 54,50 | 34 | 44,00 | 34 | 33,50 | 34 | 5.000,00 € |
| 35 | 25,50 | 35 | 56,25 | 35 | 45,00 | 35 | 33,75 | 35 | |
| 36 | 26,20 | 36 | 58,00 | 36 | 46,00 | 36 | 34,00 | 36 | |
| 37 | 26,90 | 37 | 59,75 | 37 | 47,00 | 37 | 34,25 | 37 | |
| 38 | 27,60 | 38 | 61,50 | 38 | 48,00 | 38 | 34,50 | 38 | |
| 39 | 28,30 | 39 | 63,25 | 39 | 49,00 | 39 | 34,75 | 39 | |
| 40 | 29,00 | Igual o >40 | 65,00 | Igual o >40 | 50,00 | Igual o >40 | 35,00 | 40 | |
| 41 | 29,70 | | | | | | | 41 | |
| 42 | 30,40 | | | | | | | 42 | |
| 43 | 31,10 | | | | | | | 43 | |
| 44 | 31,80 | | | | | | | 44 | 8.000,00 € |
| 45 | 32,50 | | | | | | | 45 | |
| 46 | 33,20 | | | | | | | 46 | |
| 47 | 33,90 | | | | | | | 47 | |
| 48 | 34,60 | | | | | | | 48 | |
| 49 | 35,30 | | | | | | | 49 | |
| 50 | 36,00 | | | | | | | 50 | |
| 51 | 36,70 | | | | | | | 51 | |
| 52 | 37,40 | | | | | | | 52 | |
| 53 | 38,10 | | | | | | | 53 | |
| 54 | 38,80 | | | | | | | 54 | 12.000,00 € |
| 55 | 39,50 | | | | | | | 55 | |
| 56 | 40,20 | | | | | | | 56 | |
| 57 | 40,90 | | | | | | | 57 | |
| 58 | 41,60 | | | | | | | 58 | |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 59 | 42,30 | | | | | | | | | | | 59 | |
| 60 | 43,00 | | | | | | | | | | | 60 | |
| 61 | 43,70 | | | | | | | | | | | 61 | |
| 62 | 44,40 | | | | | | | | | | | 62 | |
| 63 | 45,10 | | | | | | | | | | | 63 | |
| 64 | 45,80 | | | | | | | | | | | 64 | **15.000,00 €** |
| 65 | 46,50 | | | | | | | | | | | 65 | |
| 66 | 47,20 | | | | | | | | | | | 66 | |
| 67 | 47,90 | | | | | | | | | | | 67 | |
| 68 | 48,60 | | | | | | | | | | | 68 | |
| 69 | 49,30 | | | | | | | | | | | 69 | |
| Igual o >70 | 50,00 | | | | | | | | | | | Igual o >70 | **18.000,00 €** |

* En proxectos produtivos cada punto incrementa 0,70 de porcentaxe.

* En proxectos NON produtivos (prioridade baixa) cada punto incrementa 0,25 de porcentaxe.

* En proxectos NON produtivos (prioridade media) cada punto incrementa 1 de porcentaxe.

* En proxectos NON produtivos (prioridade alta) cada punto incrementa 1,75 de porcentaxe.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### *I.9. Plan Financeiro*

| SUBMEDIDA | TIPO DE PROXECTO | GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA |
|---|---|---|
| **Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo** | Produtivos | 1.345.500 € |
| | Non produtivos (entidades públicas locais) | 517.500 € |
| | Non produtivos (institucións de carácter privado) | 207.000 € |
| | Formación promovida polo GDR | 30.000 € |
| | **TOTAL** | **2.100.000 €** |
| **Cooperación Leader** | Cooperación | 150.000€ |
| | **TOTAL** | **150.000€** |
| **Axuda para custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación** | Custes Correntes | 562.500,00 € |
| | Animación | 187.500,00 € |
| | **TOTAL** | **750.000,00 €** |
| **TOTAL PROGRAMA** | | **3.000.000 €** |

| TIPO DE PROXECTO | GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA | | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | |
| Produtivos | | 269.100 € | 403.650 € | 403.650 € | 269.100 € | **1.345.500 €** |
| **Non produtivos (entidades públicas locais)** | 0 | 103.500 € | 155.250 € | 155.250 € | 103.500 € | **517.500 €** |
| **Non produtivos (institucións de carácter privado)** | 0 | 41.400 € | 62.100 € | 62.100 € | 41.400 € | **207.000 €** |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Formación promovida polo GDR** | 0 | 6.000 € | 9.000 € | 9.000 € | 6.000 € | **30.000 €** |
| **TOTAL** | 0 | 420.000 € | 630.000 € | 630.000 € | 420.000 € | **2.100.000 €** |
| **Cooperación** | 0 | 37.500 € | 37.500 € | 37.500 € | 37.500 € | **150.000 €** |
| **TOTAL** | 0 | 37.500 € | 37.500 € | 37.500 € | 37.500 € | **150.000 €** |
| **Custes Correntes** | 0 | 112.500 € | 168.750 € | 168.750 € | 112.500 € | **562.500 €** |
| **Animación** | 6.000,00 € | 36.300 € | 54.450 € | 54.450 € | 36.300 € | **187.500 €** |
| **TOTAL** | 6.000,00 € | 148.800 € | 223.200 € | 223.200 € | 148.800 € | **750.000 €** |
| **TOTAL PROGRAMA** | **6.000,00 €** | **568.800 €** | **853.200 €** | **853.200 €** | **568.800 €** | **3.000.000 €** |

| **OBSERVACIÓNS AO CADRO FINANCEIRO** |
|---|
| **1.-** % Proxectos produtivos 65% // % Proxectos Non Produtivos: 35% |
| **2.-** % Proxectos non produtivos entidades públicas: 25,00 %<br>- % Proxectos non produtivos entidades privadas: 10 % |
| **3.** - % proxectos non produtivos formación: 1 % |
| 4.- % Proxectos de cooperación: 5% |
| **5.-** Na última columna determínanse o total dos fondos da estratexia que se destinan a cada submedida. |

### *I.10. Plan de seguimento e avaliación*

As labores de seguimento, control e avaliación da estratexia serán coordinadas polo equipo técnico do GDR, responsable de identificar de forma periódica e ordenada o cumprimento dos obxectivos en relación co panel de indicadores definido para analizar a execución da estratexia.

O seguimento abarcará os seguintes aspectos clave:

- Posta en marcha da estratexia e das operacións subvencionadas.
- Plan Anual de Actuacións e do cumprimento de fitos (de acordo co panel de indicadores).
- Calidade da implementación da estratexia.
- Orzamento (correspondencia entre a execución financeira e técnica de acordo co calendario establecido).

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Relación directa coa entidade financiadora, e tamén cos organismos executores e beneficiarios.

### I.10.1. Recursos para o seguimento da Estratexia

Coa finalidade de establecer un proceso ordenado que permita facer un seguimento de todas as actuacións, farase uso das seguintes ferramentas e recursos:

Informe anual de Seguimento: Este informe reportará sobre os éxitos conseguidos, pero tamén sobre os problemas identificados e as medidas previstas para a súa resolución.

Cuestionario anual de Seguimento: Desde a oficina técnica deseñarase un cuestionario ao obxecto de facer un seguimento global do proxecto baseado nas respostas achegadas polos executores/beneficiarios e reportar sobre a evolución da estratexia. Estes cuestionarios servirán de base para a elaboración do Informe Anual que se presentará perante a Agader.

Reunións de Seguimento: Organizaranse reunións de seguimento ás que asistirán os beneficiarios e executores principais da estratexia (convocatorias de mesas sectoriais) nas que se revisará a evolución da mesma de acordo cos obxectivos e resultados marcados.

Reunións extraordinarias: Que permitan solucionar posibles desvíos no calendario e cumprimento de fitos e aplicar as medidas correctivas apropiadas.

Comité de seguimento: A Asemblea collerá esta representación de Comité de seguimento e será a encargada de avaliar de xeito definitivo a consecución ou non do obxectivos previstos.

### I.10.2.Panel de indicadores de seguimento

Para realizar o seguimento e avaliación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo establecéronse un Panel de indicadores co que se poderá medir a evolución da estratexia no tempo a través do cumprimento de fitos.

Este panel reflectirá o cumprimento dos indicadores da EDLP e actualizarase cada anualidade a través dos cuestionarios de seguimento realizados por cada beneficiario/ executor coincidindo coa entrega do Informe Anual de Seguimento. O panel reflectirá os indicadores de relevancia que, suxeitos a cada un dos obxectivos temáticas/ áreas de intervención/ obxectivos estratéxicos/ obxectivos específicos/ medidas/ programas/ proxectos permitirán a posta en marcha de todo o proceso de seguimento e avaliación.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En base aos indicadores que se explicitan na táboa que pecha este apartado, e as variables concretas asociadas, o equipo técnico establecerá as pautas concretas para a súa extracción e tratamento. A partir deste traballo definirase con precisión que tipo de información en concreto é preciso extraer e cales serán as fontes para a súa obtención (solicitudes de axuda, solicitudes de pago etc...).
Establecerase un sistema de recollida de información, co fin de que as variables poidan ser recollidas adecuadamente desde o inicio de execución da estratexia Para a análise doutra información requirida para o adecuado cálculo de indicadores (poboación, actividade económica no territorio etc.) utilizaranse fontes estatísticas oficiais, establecendo, se é necesario acordos con organismos pertinentes para a obtención doutras informacións específicas.

**Recompilación**

Na medida do posible solicitarase a definición de variables nas solicitudes de axudas e convocatorias co fin de que os beneficiarios fornezan esta información nas súas solicitudes. Nos casos necesarios poñeranse en marcha outras técnicas de investigación co fin de obter información adicional: enquisas, entrevistas, controis "in situ" etc.

**Extracción, agregación e tratamento:**

Unha vez recompilados os datos, manterase un seguimento continuo dos indicadores de execución e anualmente realizarase unha agregación e análise do resto de indicadores, para a súa inclusión no Informe anual de seguimento, coa colaboración en función da información necesaria da AGADER
Para poder obter os datos requiridos son os que permitirán dar resposta aos distintos tipos de indicadores que inclúe o sistema de seguimento e avaliación, utilizaranse as seguintes fontes de información:

1. **Indicadores de contexto e xenerais do territorio**, en base a fontes estatísticas actualizadas que se poden atopar nas distintas fontes oficiais:
   a. Estatísticas oficiais nacionais, do Instituto Nacional de Estatística (INE).
   b. Datos estatísticos procedentes dos municipios que compoñen o territorio.
   c. Instituto Galego de Estatística
   d. Estatísticas oficiais europeas.
   e. Estudos realizados por diferentes organismos e entidades.
2. **Indicadores target**: Iranse actualizando a partir dos indicadores de execución que os definen. En determinados casos, desenvolveranse estudos específicos orientados a dar resposta aos que non estean dispoñibles.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a. Indicadores de execución. As variables concretas que permitan a súa progresiva actualización obteranse de:
b. Solicitudes de axuda de cada beneficiario.
c. Propostas presentadas en procesos de convocatoria.
d. Datos asociados a cada expediente.
e. Follas de control de asistencias e participación.

3. **Indicadores de execución financeira**: Realizarase un seguimento continuo, en base a:
   a. Bases de datos dos expedientes e solicitudes, contías de investimentos previstos e subvencións.
   b. Bases de datos da AGADER con información dos pagos realizados. Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.

Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.

### I.10.3. Avaliación da EDLP

Igualmente, a Oficina Técnica ocuparase da Avaliación da EDLP, que incluirá:

**Avaliación ex-ante: obxectivos seleccionados.**

O Grupo realizou a avaliación da condición ex-ante da estratexia analizando a capacidade desta de cumprir coa consecución efectiva e eficiente dos obxectivos para alcanzar establecidos polo FEADER para este período 2023-2027 e de ter unha incidencia directa nela.

**Avaliación durante: impacto e valor engadido.**

Realizarase, durante toda a fase de implementación da EDLP, unha avaliación adecuada da mesma contribuíndo á elaboración dos informes de execución que deberán presentarse cada ano.

Achegarase información sobre a execución financeira e o cumprimento de indicadores incorporando os avances na consecución dos obxectivos e os cambios nos valores de indicadores de resultados.

Finalmente, a avaliación permitirá analizar e posteriormente achegar a AGADER a información necesaria para cumprir cos estipulado na estratexia:

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Funcionamento dos sistemas de xestión, coordinación e seguimento entre executores e beneficiarios: non reunións, listaxes de asistentes, organización das comunicacións, elevación de actas, atención ás solicitudes dos beneficiarios, cumprimento dos acordos adoptados, etc.
- Posta en marcha dos programas e proxectos: análise do rol de cada beneficiario en cada un das intervencións e a súa implicación na realización das mesmas.
- Análise do gasto e do cumprimento do calendario financeiro para a execución da estratexia.
- Análise dos recursos humanos e das capacidades e outros recursos postos ao dispor por cada beneficiario/ executor para o bo funcionamento das actividades.
- Análise de adecuación ás normas financeiras, de publicidade e de comunicación establecidas polos regulamentos comunitarios.
- Análise dos efectos e impactos da estratexia.

**Avaliación ex-post:** informe de resultados. Co obxectivo de permitir examinar a eficacia e a eficiencia do FEADER e a súa contribución á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrador, realizarase unha avaliación ex post que permita analizar os resultados conseguidos, os efectos e impactos logrados etc.

### I.10.4. Informe anual de seguimento

Tódolos anos realizarase un Informe anual de seguimento coa información correspondente ao período de que se trate e a acumulada desde o comezo da Estratexia. O contido do devandito informe incorporarase á memoria anual da asociación que se exporá ante todos os socios en sesión da Asemblea Xeral, que deberán aprobar a xestión levada a cabo pola Xunta Directiva.

Sen prexuízo que do devandito informe de seguimento conte coa estrutura e información que a AGADER dos fondos considere relevante, de modo indicativo, espérase que o informe inclúa:

- A evolución da EDLP en relación cos obxectivos establecidos, describindo as medidas, axudas aprobadas e proxectos levados a cabo, xunto cos indicadores que permitan avaliar o mesmo.
- A execución financeira por ámbitos de programación, diferenciando as contías previstas, comprometidas, certificadas e pagas pola Autoridade de Xestión.
- Modificacións que sufrise o Plan Financeiro e descrición dos problemas que xurdisen na xestión da Estratexia e medidas adoptadas para a súa resolución.

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As modificacións deberán xustificarse razoadamente. A solicitude de modificación deberá ser aprobada pola Xunta Directiva e remitida á AGADER.

- Cambios nas condicións xerais que afectan á execución da EDLP, incluíndo as modificacións nas políticas rexionais, estatais e comunitarias.
- A relación de asociados e novos asociados
- O persoal que integra os órganos de xestión e dirección da Asociación.
- O persoal que integra o equipo técnico.
- O responsable administrativo financeiro, no seu caso.
- Os procedementos de xestión, incluíndo os criterios de selección e baremación dos proxectos presentados.

## INDICADORES DE RESULTADO

| INDICADOR | DEFINICIÓN | VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027 |
|---|---|---|
| **Número de empresas que reciben axuda** | Número de empresas que recibiron axuda do GDR para investimentos en reestruturación ou modernización da súa actividade | 14 |
| **Superficie de terra agraria recuperada** | Superficie de terra agraria recuperada obxecto de subvención | 475 |
| **Lograr un uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos** | Número de explotacións ou empresas dedicadas á agricultura e na transformación de alimentos en proxectos financiados polo GDR | 10 |
| **Lograr un uso máis eficiente da enerxía nas empresas do territorio** | Número de empresas de proxectos financiados polo GDR | 15 |
| **Emprego creado** | Emprego creado nos proxectos financiados polo GDR: número de postos de traballo | 44 |
| **Número de poboación rural obxecto de** | Número de poboación beneficiaria polas actuacións financiadas dende o GDR | 50.000 hab |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| **estratexias de desenvolvemento local** | | |
| **Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas** | Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados | 37.000 hab |
| **Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas das tecnoloxías da información e a comunicación** | Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados vinculados ás tecnoloxías da información e a comunicación - TICs | 16.000 hab |

## INDICADORES DA AVALIACIÓN DA XESTIÓN DO GDR

| INDICADOR | DEFINICIÓN | VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027 |
|---|---|---|
| **Gasto público total** | Gasto público | 3.000.000 € |
| **Investimento público total en proxectos Non produtivos** | Investimento total, en euros, correspondente a proxectos Non produtivos financiados dende o GDR | 720.000 € |
| **Investimento público total en proxectos produtivos** | Investimento total, en euros, correspondente a proxectos produtivos financiados dende o GDR | 1.490.000 € |
| **Número de actividades/operacións** | Número de actividades/operacións subvencionadas | 85 |
| **Número de explotacións/beneficiarios subvencionados** | Número de explotacións/beneficiarios subvencionados | 26 |
| **Superficie total de terra agraria recuperada subvencionada (ha)** | Superficie total subvencionada (en hectáreas) | 475 ha |

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| **Número de contratos** | Número total de contratos vinculados á concesión de subvencións dende o GDR | 96 creados e/ou consolidados |
| **Número de beneficiarios de subvencións** | Número de beneficiarios de subvencións | 30 |
| **Número de beneficiarios asesorados** | Número de beneficiarios asesorados directamente dende o GDR | 215 |
| **Poboación beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados** | Poboación (número de habitantes) beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados (vinculados ás TICs ou outros) | 46.500 hab |
| **Número de proxectos Leader financiados** | Número de proxectos Leader financiados dende o GDR | 71 |
| **Número de proxectos de cooperación** | Número de proxectos de cooperación subvencionados | 2 |
| **Número de promotores de proxectos** | Número de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación | 125 |
| **Tipo de promotores de proxectos** | Tipoloxía de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación, en base a dúas variables:<br>Sexo: home ou muller.<br>Idade: Menos de 35 anos, entre 36 e 50, 51 a 64 anos ou máis de 64 anos | Non é posible facer estimacións previas unha vez se modifican as normas para favorecer un perfil diferente o de períodos anteriores |
| **Número de ferramentas de comunicación utilizadas** | Número de ferramentas de comunicación utilizadas polo GDR | 6 |
| **Número de actividades da REDR nas que participase o GDR** | Número de actividades da REDR nas que participase o GDR | 3 |

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 25/03/2025 17:30:05

Asinado por: GAGO GUILLAN, FRANCISCA MARIA
Cargo: Subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Data e hora: 25/03/2025 12:30:23

CVE: K8dGC8JFbV66
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve